



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Con data 1 de agosto de 2016, rexistro de entrada número 16/1638, don Manuel en calidade de representante da Asociación de Festexos de Loureda, solicita licenza para verbena e baile ao aire libre durante a festa popular de Loureda durante o día 7 de agosto 2016.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia,

RESOLVO:

1º Conceder ao representante da Asociación de Festexos de Loureda licenza para a realización de verbena e baile en Loureda coas seguintes:

Día 7 de agosto de 2016

Tipo de espectáculo: Verberna ao aire libre consistente en sesión vermú e baile pola noite a cargo de Venus Band.

Características do escenario do Venus Band: Camión de 14 mts. de longo, 7 mts de alto e 6,5 mts de fondo .

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 100 persoas

O horario será de 14:00 a 15:30 e de 23:00 a 04:00 horas.

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e

beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

Boqueixón, 1 de agosto de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Expediente: Melloras en Instalacións educativas de Camporrapado e outros - PAS 2015

Adquisición material para obras Escolas Unitarias

Con obxecto das obras que se pretenden realizar nas Escolas Unitarias de Camporrapado, Sergude e Lestedo, que figuran no proxecto redactado para o efecto, é preciso adquirir pavimento de lousa de cortiza e revestimento mural de cortiza.

Segundo consta no proxecto, a cantidade total que se precisa de pavimento de lousa de cortiza encerada de 30.5 x 61 cm. e 4 mm de grosor é de 326,17 m². No caso do revestimento mural con cortiza aglomerada natural de 5 mm, a cantidade total é de 163,08 m²

Segundo os prezos de mercado, a compra tería un custo estimado de 8.700 euros.

Segundo as bases de execución do presuposto, é preciso consultar a 3 empresas para obter presuposto do subministro.


Nestes momentos urxe adquirir o material debido a que no mes de agosto as empresas pechan con motivo das vacacións e o concello debe realizar as obras coa máxima rapidez.

Polo tanto, Resolvo:

Iniciar o expediente do subministro do pavimento de lousa de cortiza e revestimento mural, para a realización das obras de reforma nas escolas unitarias incluídas no Plan PAS 2015.

Comunicar ó Servizo de Contratación que solicite as consultas para adxudicación do contrato deste subministro.

Boqueixón, 2 de agosto de 2016





CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

140

Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a Resolución de concesión provisional de data 13 de xullo de 2016 do programa DP0029/2016 da Deputación da Coruña, mediante o cal se subvenciona ó concello de Boqueixón para a contratación de persoal para oficinas de turismo a concellos de menos de 50.000 habitantes para o exercicio 2016,

Polo cal, resolvo:

1. Iniciar os trámites para a contratación de catro traballadores como oficiais de segunda.
2. Aprobar as seguintes bases:

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 1 TÉCNICO/A- AXENTE DE TURISMO:

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

- 1.- A convocatoria ten por obxecto contratar, na modalidade de contratación temporal por obra ou servizo a xornada completa unha plaza de técnico/a- axente de turismo, durante un período de 2 meses e 10 días durante o 2016.
- 2.- A retribución do salario mensual bruto incluída a parte proporcional das pagas extras do traballador/a será de 1.406,84 euros/mes.
- 3.- A contratación formalizarase sempre e cando a resolución definitiva de concesión sexa favorable.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de presentación da solicitude nas dependencias municipais:

- a) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar inscrito coma desempregado/a no Servizo público de Emprego. Os/as candidatos/as serán preseleccionados pola Oficina de Emprego de Santiago Norte previa oferta presentada pola alcaldía do Concello de Boqueixón nalgunha das titulacións requiridas no apartado g) desta mesma base.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas. (anexo II)



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

- e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo ao que se opta (anexo III DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA)
- f) Posuir como mínimo o carné de clase de B.
- g) Atendendo ao establecido no apartado 3 das bases de convocatoria do Programa DP0029/2016, as persoas a contratar deberán estar en posesión dalgún dos seguintes títulos:

- 1.- Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística ou equivalente.
- 2.- Técnico en Empresas e Actividades Turísticas ou equivalente.
- 3.- Grao ou diplomado en Turismo ou equivalente homologado.
- 4.- Grao ou licenciatura en Historia da Arte.
- 5.- Grao ou licenciatura en Humanidades.
- 6.- Grao ou licentura en Xeografía e ordenación do territorio.
- 7.- Grao ou licenciatura en Historia.

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

Os/as aspirantes estarán preseleccionados/as pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá candidatos/os previa oferta presentada por esta entidade requirindo candidatos/as coas titulacións requiridas na base segunda apartado g).

Datas para a realización das probas.- Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ven por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina de Emprego acorde) nas dependencias municipais da Casa do Concello de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña) co DNI e carné de conducir. Os/as candidatos/as deberán realizar unha proba escrita e a baremación dos méritos para optar á praza. Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar na alcaldía das dependencias municipais da Casa do Concello unha copia fotocopiada do temario.

Para realizar a selección presentase oferta no Servizo Público de Emprego de Santiago Norte para que remitan candidatos/as desempregados/as inscritos/as no Servizo público de Emprego e procederase á realización de proba escrita e a baremación de méritos.

CUARTA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

- A comisión seleccionadora será nomeada por Alcaldía e estará composto por 5 membros titulares e suplentes: un Presidente, 3 vogais, e un Secretario. De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal calificador das probas selectivas será nomeado por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertencenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión seleccionadora se fará por resolución de alcaldía. Dita resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón.

Para a válida constitución do comisión seleccionadora, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a presenza do presidente e do secretario ou de quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente do Tribunal.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garanticen a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 30/92, de 26 de novembro. O Tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurren neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarlles se concurrese algunha daquelas circunstancias.

O tribunal poderá solicitar axuda de técnicos ou asesores cando o considere axeitado.

QUINTA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

Os/As aspirantes ó posto deberán presentar a seguinte documentación:

- **DNI ou equivalente**



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

- Titulación esixida segundo o disposto na base segunda, apartado g); que se acreditará coa fotocopia cotexada co título, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para a súa obtención acompañado da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.
- Currículo Vital do/a aspirante.
- Xustificantes acreditativos dos méritos alegados, no seu caso.
- Carné de conducir.

A Comisión seleccionadora realizará:

1º.- FASE DE PROBA:

Esta fase ten carácter obrigatoria e eliminatoria, consistirá na realización dunha proba teórica.

PROBA ESCRITA: Máximo de 10 puntos

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test relacionadas co posto ofertado e cos temas relacionados no anexo I.

Está dirixida a determinar os coñecementos dos aspirantes sobre a profesión. O examen tipo test terá unha resposta correcta por pregunta. (Os erros non puntúan negativo).

Sendo 5 puntos a puntuación mínima esixida para superar esta proba.

A duración da proba escrita a decidirá a comisión seleccionadora.

Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar nas dependencias municipais da Casa do Concello unha copia do temario.

2º.- BAREMACIÓN MÉRITOS : Máximo de 7 puntos

A puntuación obtida nesta fase, non será eliminatoria.

Baremo para a valoración de méritos é o seguinte:

1) FORMACIÓN:

Puntuación máxima a acadar neste apartado: **3 puntos.**

- Por posuir outra titulación media ou superior, ademais dunha das esixidas na base segunda apartado g) desta convocatoria, sempre que estea relacionada coas tarefas do posto de traballo a ocupar: 0,50 punto por cada titulación ata un máximo de 1 punto.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

- Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamento impartidos en centros oficiais, universidades, colexios oficiais ou escolas de administración pública relacionados coas materias obxecto desta convocatoria, ata un máximo de 1 punto:
 - Máster ou postgrado (relacionados cō sector turístico): máx. a acadar 1 punto.
 - Cursos de 100 ou máis horas: 0,50 puntos
 - Cursos de 50 a 99 horas: 0,30 puntos
 - Cursos de 20 a 49 horas: 0,15 puntos
 - Cursos de 1 a 19 horas: 0,10 puntos
- Coñecementos de idiomas (máx. 1 punto):
 - Cursos de inglés dunha escola oficial: nivel básico: 0,10 puntos; nivel medio: 0,30 puntos; nivel avanzado: 0,50 puntos.
 - Cursos de francés dunha escola oficial: nivel básico: 0,10 puntos; nivel medio: 0,30 puntos; nivel avanzado: 0,50 puntos.
 - Cursos de perfeccionamento de lingua galega ou Celga 4: 0,50 puntos.
 - Celga 3 ou Curso de iniciación á lingua galega ou validación: 0,30 puntos.
 - Celga 2: 0,20 puntos.
 - Celga 1: 0,10 puntos.

Só se terá en conta o curso ou validación máis alta da que dispoñan os candidatos presentados.

2) EXPERIENCIA LABORAL:

A experiencia laboral computarase ata un máximo de 4 puntos:

- Traballos prestados como técnico/guía turístico: Por cada mes completo traballado 0,50 puntos.

A experiencia acreditarase mediante informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguidade Social e mediante informe ou certificación expedido pola administración ou a empresa correspondente ou contrato de traballo).

Aqueles candidatos/as que traballasen no concello de Boqueixón poderán solicitar mediante a presentación do anexo VI para que o concello lle expida a correspondente certificación.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citado tribunal, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Os méritos que aleguen os interesados e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os presentados na data de realización do proceso selectivo. A falta de acreditación dos méritos non será subsanable e xerará a non valoración dos mesmos.

Os empates producidos nas puntuacións obtidas por 2 ou máis candidatos/as na puntuación final dirimirase atendendo á puntuación máis alta acadada no apartado de experiencia laboral da baremación de méritos, se segue existindo empate, atenderase á puntuación máis alta acadada no apartado de formación da baremación de méritos, e se segue persistindo empate, atenderase á puntuación máis alta acadada na proba teórica.

SEXTA- LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Terminada a calificación de todos os exercicios, o tribunal publicará no Taboleiro de anuncios da corporación e na páxina web municipal a relación de aspirantes aprobados pola orde de puntuación formulando proposta de contratación a favor do aspirante que figure con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados lista de reserva.

Dita lista de reserva será exclusivamente a efectos de cobertura de renuncias, de baixas en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós integrantes da lista de reserva dereito algún en relación a outros procesos de contratación.

Abrirase un prazo de 10 días para a presentación das alegacións ós resultados acadados que se indicará cando se publique o listado da puntuación final. De non presentarse elevarase a definitivo a lista que se publicará na páxina Web do Concello e no taboleiro de anuncios.

SETIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ao alcalde para que formule a contratación da persoa que obteña a mellor puntuación, en número que non supere a da praza obxecto da convocatoria.

A formalización do contrato realizarase conforme ó previsto na lexislación vixente.

OITAVA: INCIDENCIAS.

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

2º A presente Resolución presentarase xunto coa oferta pública presentada na Oficina de Emprego Público de Santiago Norte, no Taboleiro de Anuncios do



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)**

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00


C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

**Concello de Boqueixón, e na páxina WEB do concello de Boqueixón
www.boqueixon.com**

Dado en Boqueixón o día 2 de agosto de dous mil dezaseis, polo Sr. Alcalde Ovidio Rodeiro Tato.





CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

Anexo I. TEMARIO

TEMA 1. Núcleos poboacionais de Boqueixón.

TEMA 2. Decreto 73/2015, do 7 de maio, polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia.

TEMA3. Libro O Pico Sacro: A Cova do Pico.



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)**

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

ANEXO II

Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección da 1 TÉCNICO/A - AXENTE DE TURISMO.

Don/a.....,
con DNI..... e domicilio en,
nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo de CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 TÉCNICO/A- AXENTE DE TURISMO .

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas en non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.

Asemesmo, a efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes,

DECLARA:

- Que non desempeña ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984,

- Que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

En Boqueixón, o de de 2016

Sinatura:.....



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.i.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

Anexo III*

DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA

Nome e apelidos:.....
DNI:..... Data nacemento:.....
Domicilio:.....
Localidade:..... Provincia:.....
Código postal: Núm. Teléfono:.....
E-mail:.....

Baixo a promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, **DECLARO** que non padezo enfermidade infecto-contaxiosa, e que conto cas condicións físicas e psíquicas necesarias para a realización das actividades físicas de esforzó que require o posto de traballo.

Asemesmo, **DECLARO** ter sido informado polo Concello de Boqueixón que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo alguna enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente,

Boqueixón,de de 2016

O/A interesado/a:.....



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

Anexo IV

Solicitud de certificación laboral do Concello de Boqueixón para valorar na fase de méritos do proceso selectivo de 1 Técnico/a- Axente de Turismo (2016)

Nome e apelidos:.....
DNI:..... **Data nacemento:**.....
Domicilio:.....
Localidade:..... **Provincia:**.....
Código postal: **Núm. Teléfono:**.....
E-mail:.....

DECLARA ter traballado nesta entidade local, e **SOLICITA**, para o efectos de que lle sexa valorado os méritos no apartado de experiencia laboral neste proceso selectivo, un certificado da experiencia laboral no concello de Boqueixón.

Boqueixón,de.....de 2016



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)


Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio

O día 3 de agosto con rexistro de entrada núm. 16/1664 don Arturo ..., en representación da Pirotecnia Penide, S.L, con dni presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Ponte Ledesma os días 6, 7 e 8 de agosto de 2016.

Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 3 de agosto de 2016





CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

142
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Con data 3 de agosto de 2016, rexistro de entrada número 16/1663, don Eulogio en calidade de representante da Comisión de Festexos de Gastrar, solicita licenza para verbena e baile ao aire libre durante a festa popular de Gastrar durante o día 14 de agosto 2016.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia,

RESOLVO:

1º Conceder ao representante da Comisión de Festexos de Gastrar licenza para a realización de verbena e baile en Gastrar coas seguintes:

Día 14 de agosto de 2016

Tipo de espectáculo: Verberna ao aire libre consistente en sesión vermú e baile pola noite a cargo de Venus Band.

Características do escenario do Venus Band: Camión de 14 mts. de longo, 7 mts de alto e 6,5 mts de fondo .

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 200 persoas
O horario será de 14:00 a 15:30 e de 22:00 a 03:00 horas.

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e


;

beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

Boqueixón, 3 de agosto de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Resolución da alcaldía

Expediente: Adquisición de material deportivo para o ximnasio municipal

Procedemento/Forma: Contrato menor

Importe total: 8.000 euros.

Corrección de erros, arquivo de expediente e inicio de nova contratación.

Na Xunta de goberno do día 7 de xullo, iniciouse a contratación para a compra de material deportivo para o ximnasio municipal e enviouse invitación a 3 empresas para que achegaran as ofertas correspondentes.

No mesmo acordo, reflíctese que se vai a propoñer ás empresas que valoren o material usado que hai no ximnasio para ver a viabilidade da súa entrega e posterior desconto na nova compra.

O importe máximo da licitación é de 8.000,00 euros (IVE incluído) . O transporte e montaxe do material será por conta da empresa adjudicataria. Pola contía estamos ante un contrato menor, pero debido a que as bases de execución do presuposto especifican que o material inventariable require tramitación a través do servizo de contratación.

Envíanse invitacións ás empresas especificadas no acordo, Decathlon España, SA, Inversiones Deportivas en Galicia e El Corte Inglés, e dáselle un prazo de 7 días para que poidan presentar as ofertas.

No prazo estipulado achega oferta económica a empresa Inversiones Deportivas en Galicia por un importe de 10.250, 92 euros (IVE incluído).


Neste momento e cando se advirte no servizo que houbo un erro no envío das invitacións e non se puxo o importe máximo de licitación que era de 8.000 euros.

Tamén se advirte que no acordo da Xunta de Goberno houbo un erro ó figurar que as empresas valoraran o material usado, posto que a decisión real é subastar o material existente.

Tendo en conta todo o descrito e a urxencia de que subministren o material, Resolvo:

- 1 Avocar o coñecemento deste asunto e por razóns de tipo técnico segundo o art. 14 da LRXPAC, debido á necesidade de adquirir o material para os usuarios do ximnasio municipal.
- 2 Arquivar o expediente tramitado inicialmente ó detectarse erros que non son subsanables e fan inviable a contratación iniciada. Comunicar esta resolución á empresa Inversiones Deportivas en Galicia.
- 3 Iniciar un novo procedemento e comunicar ó servizo de contratación, que realice tódolos trámites necesarios para a adquisición do material.

Boqueixón, 3 de agosto de 2016





CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

144
Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Boqueixón para a participación na prevención e defensa forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais a fin de asegurar a cobertura dos postos.

E en función do decreto de alcaldía de data 28 de xullo de 2016, onde se resolve comunicar ó servizo de emprego que inicie a selección do persoal necesario para a formación das dúas brigadas segundo as cláusulas estipuladas no convenio citado,

RESOLVO:

1. Iniciar os trámites para a contratación de 2 brigadas forestais.
2. Aprobar as seguintes bases:

BASES PARA A PROVISIÓN EN RÉXIMEN LABORAL TEMPORAL DA CONTRATACIÓN DE 2 BRIGADAS DE PREVENCIÓN, VIXILANCIA E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.- A convocatoria ten por obxecto contratar 2 brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais, formadas cada unha delas por 1 xefe de brigada, 1 peón de brigada conductor e 3 peóns de brigada.

Seleccionarase e confeccionaranse 3 listaxes de aspirantes a cubrir para: **2 postos de xefe de brigada, 2 postos de peón de brigada conductor, 6 postos de peóns de brigada.**

A duración da contratación será de 3 meses.

A modalidade contractual será a dun contrato baixo a modalidade de obra ou servizo a tempo completo e axustada ás necesidades do servizo.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

- a) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar inscrito coma desempleado/a no Servizo público de Emprego. Os candidatos serán preseleccionados pola Oficina de Emprego de Santiago Norte previa oferta presentada pola alcaldía do Concello de Boqueixón para as ocupacións de:

- **2 postos de xefe de brigada**, en posesión dalgunha das seguintes titulacións: enxeñeiro de montes (CÓDIGO: 21130027), enxeñeiro técnico forestal



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

(CÓDIGO: 27120022), técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos (CÓDIGO: 518520021104), técnico en traballos forestais e conservación do medio natural (CÓDIGO: 336230021109) ou formación profesional equivalente. Con **carne de conducir B**.

- 2 postos de peón de brigada conductor, no código 94400012 con **carne de conducir B**

- 6 postos de peóns de brigada, no código 94400012.

- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas. (anexo II)
- e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo ao que se opta (anexo III DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA)

TERCEIRA.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

Os/as aspirantes estarán preseleccionados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá candidatos/os previa oferta presentada por esta entidade requirindo candidatos/as nas ocupacións e códigos arriba indicados.

Datas para a realización das probas.- Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego requira (ven por carta ou por calquera outro medio de comunicación que a Oficina de Emprego acorde) nas dependencias municipais da Casa do Concello de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña) co DNI e carne de conducir B (no seu caso). Os/as candidatos/as deberán realizar unha proba escrita para optar ás prazas, baremación dos méritos e valoración do tempo como desempregados/as. Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar na alcaldía das dependencias municipais da Casa do Concello unha copia fotocopiada do temario.

Para realizar a selección presentarase oferta no Servizo Público de Emprego de Santiago Norte para que remitan candidatos/as desempregados/as inscritos/as no Servizo público de Emprego e procederase a realización de proba escrita, proba práctica e baremación de méritos.

CUARTA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

- A comisión seleccionadora será nomeada por Alcaldía e estará composto por 5 membros titulares e suplentes: un Presidente, 3 vogais, e un Secretario. De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal calificador das probas selectivas será nomeado por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

mesmo na súa composición a paridade entre muller e home, e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o personal laboral temporal ou eventual, ademais a pertencenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión seleccionadora se fará por resolución de alcaldía. Dita resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello de Boqueixón.

Para a válida constitución do comisión seleccionadora, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a presenza do presidente e do secretario ou de quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente do Tribunal.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garanticen a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 30/92, de 26 de novembro. O Tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións plantexadas ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarlles se concurrese algunha daquelas circunstancias.

QUINTA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

A Comisión seleccionadora realizará un fase de probas que puntuará un máximo de 6 puntos, unha fase de baremación de méritos que puntúa un máximo de 3 puntos, e unha valoración do tempo en desemprego dos/as candidatos/as que puntúa un máximo de 1 punto, sumando como máximo 10 puntos todo o proceso selectivo, tal e como segue:

1º.- FASE DE PROBAS:

Esta fase ten carácter obrigatoria e eliminatória, consistirá na realización dun exercicio, un teórico e terá unha puntuación máxima de 6 puntos.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

PROBA ESCRITA: Máximo de 6 puntos

Consistirá en contestar un cuestionario tipo test relacionado co posto ó que aspire, cos temas relacionados no anexo I.

Está dirixida a determinar os coñecementos dos aspirantes sobre a profesión. O examen tipo test terá unha resposta correcta por pregunta. (Os erros non puntúan negativo).

Sendo 3 puntos a puntuación mínima esixida para superar esta proba.

A duración da proba escrita a decidirá a comisión seleccionadora.

Para a preparación da proba escrita os candidatos/as poderán solicitar nas dependencias municipais da Casa do Concello unha copia do temario.

2º.- BAREMACIÓN MÉRITOS : Máximo de 3 puntos

A puntuación obtida nesta fase, non será eliminatoria.
Baremo para a valoración de méritos é o seguinte:

- 1) A experiencia laboral computarase ata un máximo de 1 puntos:
Para os postos de peóns de brigada e peóns de brigada conductores:
 - Traballos prestados como peón de brigada/forestal: Por cada mes completo traballado 0,10 puntos.Para os postos de xefes de brigada:
 - Traballos prestados como xefe/ capataz de brigada/forestal: Por cada mes completo traballado 0,10 puntos.

A experiencia acreditarase mediante informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social e mediante informe ou certificación expedido pola administración ou a empresa correspondente ou contrato de traballo.

Aqueles candidatos/as que traballasen no concello de Boqueixón poderán solicitar mediante a presentación do anexo IV para que o concello lle expida a correspondente certificación.

- 2) Para todos os postos, a formación valorarase do seguinte xeito:
Cursos, seminarios e xornadas relacionados co posto ofertado, a puntuación non poderá superar un 1 punto. (NON SE VALORAN CURSOS DE INFORMÁTICA, e DE IDIOMAS). Establécese o seguinte baremo:
 - Cursos entre 10 e 20 horas de duración: 0,10 puntos
 - Cursos entre 21 e 30 horas de duración: 0,20 puntos
 - Curso entre 31 e 40 horas de duración: 0,30 puntos
 - Curso entre 41 e 50 horas de duración: 0,40 puntos
 - Curso de entre de 51 a 100 horas de duración: 0,50 puntos



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

- Curso de máis de 101 horas de duración: 1 punto

3) Cursos de galego ou validación (a puntuación non poderá superar 1 punto): só se computará o de nivel máis alto.

Celga 4 ou Curso de perfeccionamento á lingua galega ou validación: 1 punto.

Celga 3 ou Curso de iniciación á lingua galega ou validación: 0,75 puntos.

Celga 2: 0,50 puntos.

Celga 1: 0,25 puntos.

3.- Valorarase o tempo como desempregado desde o último traballo (segundo informe de vida laboral): máximo 1 punto.

Menos de 12 meses	0,25 puntos
De 12 a 18 meses	0,50 puntos
Máis de 18 meses	1 punto

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citado tribunal, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Os méritos que aleguen os interesados e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os presentados na data de realización do proceso selectivo. A falta de acreditación dos méritos non será subsanable e xerará a non valoración dos mesmos.

Os empates producidos nas puntuacións obtidas por 2 ou máis candidatos/as na puntuación final dirimirase atendendo á puntuación máis alta acadada na proba teórica, segue existindo empate atenderase á puntuación máis alta acadada no apartado de experiencia laboral na fase de baremación de méritos, se segue existindo empate atenderase á puntuación máis alta acadada no apartado de formación e segue existindo empate, atenderase ó apartado de cursos de galego ou validación.

SEXTA- LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Terminada a calificación de todos os exercicios, o tribunal publicará no Taboleiro de anuncios da corporación e na páxina web municipal a relación de aspirantes aprobados pola orde de puntuación.

Previamente á contratación dos aspirantes con maior puntuación, e segundo se detalla na cláusula oitava, punto 4 do convenio de colaboración asinado coa Consellería do



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

Medio Rural, o persoal encargado da actuación de brigadas, debe realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

Unha vez cumpridos estes requisitos favorablemente, a comisión seleccionadora formulará a proposta de contratación a favor dos aspirantes que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de aspirantes aprobados lista de reserva.

Dita lista de reserva será exclusivamente a efectos de cobertura de renuncias, de baixas en relación coa contratación vinculada ó procedemento obxecto destas bases, non outorgando ós integrantes da lista de reserva dereito algún en relación a outros procesos de contratación.

Abrirase un prazo de 5 días para a presentación das alegacións ós resultados acadados que se indicará cando se publique o listado da puntuación final. De non presentarse elevarase a definitivo a lista que se publicará na páxina Web do Concello e no taboleiro de anuncios.

SETIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta da Comisión de Selección será elevada ao alcalde para que formule a contratación das persoas que obteñan mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.


A formalización do contrato realizarase conforme o previsto na lexislación vixente.

OITAVA: INCIDENCIAS.

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

A presente Resolución presentarase xunto coa oferta pública presentada na Oficina de Emprego Público de Santiago Norte, no Taboleiro de Anuncios do Concello de Boqueixón, e na páxina WEB do concello de Boqueixón www.boqueixon.com

Dado en Boqueixón o día catro de agosto de dous mil dezaseis, polo alcalde Ovidio Rodeiro Tato,





CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

Anexo I. **TEMARIOS**

POSTOS DE PEÓNS DE BRIGADA E PEÓNS DE BRIGADA CONDUCTOR

- TEMA 1. Listado de parroquias e núcleos do Concello de Boqueixón.
- TEMA 2. Comportamento do lume: o incendio forestal
- TEMA 3: Extinción de incendios forestais
- TEMA 4: Seguridade persoal
- TEMA 5: Organización do servizo de defensa contra incendios forestais
- TEMA 6: Rede de comunicacións por radio
- TEMA 7: Anexo complementario de seguridade do persoal de extinción de incendios forestais.

POSTOS DE XEFES DE BRIGADA

- TEMA 1. Listado de parroquias e núcleos do Concello de Boqueixón.
- TEMA 2. Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.
- TEMA 3. Comportamento do lume: o incendio forestal
- TEMA 4: Extinción de incendios forestais
- TEMA 5: Seguridade persoal
- TEMA 6: Organización do servizo de defensa contra incendios forestais
- TEMA 7: Rede de comunicacións por radio
- TEMA 8: O xefe de cuadrilla
- TEMA 9: Anexo complementario de seguridade do persoal de extinción de incendios forestais.



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón

Teléfono: 981- 51 30 61

Fax: 981- 51 30 00

C.I.F.: P-1501200-H

C. electr.: correo@boqueixon.es

WEB: www.boqueixon.com

ANEXO II

Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección de PEÓN DE BRIGADA / PEÓN DE BRIGADA CONDUCTOR / XEFE DE BRIGADA PARA A ACTUACIÓN DAS BRIGADAS DE PREVENCIÓN, VIXILANCIA E DEFENSA FORESTAL.

Don/a.....,
con DNI..... e domicilio en,
nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo de:

<input type="checkbox"/>	PEÓN DE BRIGADA
<input type="checkbox"/>	PEÓN DE BRIGADA CONDUCTOR
<input type="checkbox"/>	XEFE DE BRIGADA

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

- Asemesmo, a efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes,

DECLARA:

- Que non desempeña ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984,

- Que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

En Boqueixón, o de de 2016

Sinatura:.....



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

Anexo III

DECLARACIÓN XURADA DE APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA

Nome e apelidos:.....
DNI:..... Data nacemento:.....
Domicilio:.....
Localidade:..... Provincia:.....
Código postal: Núm. Teléfono:.....
E-mail:.....

Baixo a promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, **DECLARO** que non padezo enfermidade infecto-contaxiosa, e que conto cas condicións físicas e psíquicas necesarias para a realización das actividades físicas de esforzó que require o posto de traballo.

Asemesmo, **DECLARO** ter sido informado polo Concello de Boqueixón que no suposto de que eu teña dúbidas sobre si padezo alguna enfermidade infecto-contaxiosa e que reúno as condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización do traballo, é aconsellable que, con carácter previo á contratación, faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidese impedir a normal realización do traballo nas condicións debidas podendo aportar certificado médico acreditativo deses extremos.

Para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente,

Boqueixón, de de 2016

O/A interesado/a:.....



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

Anexo IV

Solicitud de certificación laboral do Concello de Boqueixón para valorar na fase de méritos do proceso selectivo de BRIGADAS FORESTAIS (2016)

Nome e apelidos:.....
DNI:..... Data nacemento:.....
Domicilio:.....
Localidade:..... Provincia:.....
Código postal: Núm. Teléfono:.....
E-mail:.....

DECLARA ter traballado nesta entidade local, e **SOLICITA**, para o efectos de que lle sexa valorado os méritos no apartado de experiencia laboral neste proceso selectivo, un certificado da experiencia laboral no concello de Boqueixón.

Boqueixón,de.....de 2016



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

145
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio

O día 5 de agosto con rexistro de entrada núm. 16/1678 don Manuel Antonio , en representación da entidade organizadora Pirotecnia Sionlla, con dni , presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Loureda os días 27 e 28 de agosto.

Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que conorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 5 de agosto 2016



Ovidio Rodeiro Tato

14565



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

DECRETO

Antecedentes

O 28 de xullo do 2016 co número de entrada 16/1621, don Manuel Brea y otros, con domicilio en Sergude número 31, presenta escrito solicitando a limpeza de leiras dedicadas a monte, que están preto de vivendas.

Manifesta que sean apercibidos os socios do polígono de Sergude, a través do seu presidente.

Con data 3 de agosto do 2016, número de entrada 16/1665, don Manuel y otros, presenta escrito manifestando que os propietarios das vivendas afectadas pola falta de limpeza das leiras son don Manuel don José David dona María Cruz e don Isaac

Así mesmo sinala que os propietarios das parcelas con maleza don socios da Xunta de Compensación SAUI 2 Sergude.

Con data 5 de agosto do 2016, número de entrada 16/1681, e previa conversa telefónica, don Julio, remite plano do parcelario do SAUI 2, sinalando a relación de parcelas do SAUI 2 afectadas, como zona de protección de incendios, e que deben ser obxecto de limpeza.

As parcelas número 68, 69, 71,72,73,74,75 e 76 pertencen a socios da Cooperativa SAUI -2, en tanto que a parcela número 70 pertence a don Manuel e Don José, e a parcela número 77 pertence a ó Ministerio de Economía e Facenda.

Según informe do técnico municipal de data 5 de agosto do 2016 "*Feita inspección técnica no lugar de Pumares - Sergude, compróbase que as parcelas, dedicadas a monte e que están preto das vivendas de don don Manuel don José David dona María Cruz e don Isaac, están con abundante maleza. Ditas parcelas correspóndense cos números 68,69,70,71,72,73,74,75,76 e 77 do plano adxuntado polo presidente da Xunta de Compensación do SAUI 2 Boqueixón. Existe risco de incendio respecto das vivendas que están preto das parcelas citadas.*"

Consideracións xurídicas

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que "Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente."

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.**

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como **os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural).**

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Sinala o artigo 21 ter que son persoas responsables, “para os efectos do establecido nos artigos 20 bis, 21 e 21 bis, as persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos forestais e os terreos situados nas zonas de influencia forestal....”.

Tendo en conta a perigosidade existente e que a época de perigo alto de incendios comprende do 1 de xullo ó 30 de setembro, según Orde do 8 de xuño de 2016, da Consellería do Medio Rural, e tendo en conta que a vindeira Xunta de Goberno terá lugar o

18 de agosto do 2016, e que esta alcaldía delegou as súas competencias na Xunta de Goberno, no decreto do 29 de xuño do 2015,

1. Avocar o coñecemento deste asunto.

2. Requirir ó SAUI 2 Boqueixón, Sociedade Cooperativa Galega, o Ministerio de Economía e Facenda e a don Manuel ; e don José , para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza das leiras ata gardar unha distancia de 50 metros perimétrais libres de maleza respecto das vivendas de don Manuel don José David , dona María Cruz e don Isaac

3. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas.

4. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presenten documentación oportuna.

Boqueixón, 5 de agosto do 2016

O alcalde


Ovidio Rodríguez Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es
WEB: www.boqueixon.com

DECRETO

No DOG. núm129 do 8 de xullo de 2016, saíu publicada a Orde do 27 de xuño de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria, para os anos 2016 e 2017, das axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia.

Tendo en conta que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,

Polo tanto, RESOLVO:

- 1 Avocar o coñecemento e resolución deste asunto.
- 2 Aprobar a solicitude de axuda económica á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o proxecto de “Mellora do acceso ao ZEC Sistema Fluvial Ulla-Deza no entorno da Illa de Gres (Ponte Ledesma)” por importe de 11.971,74 euros.
- 3 Aprobar o anteprojecto denominado “Mellora do acceso ao ZEC Sistema Fluvial Ulla-Deza no entorno da Illa de Gres (Ponte Ledesma)”, por importe de 14.485,81 euros.
- 4 Dispór dos fondos necesarios para facer fronte ó importe do orzamento que non resulte subvencionado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
- 5 Que atendendo a natureza xurídica e o réxime de protección dos obxectos sobre os cales se pretende actuar no Concello de Boqueixón, solicitar as autorizacións administrativas ós organismos correspondentes.
- 6 Nomear como representante a Ovidio Rodeiro Tato para levar a cabo os trámites de solicitude.
- 7 Comunicar esta resolución á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Boqueixón, 5 de agosto de 2016

Ovidio Rodeiro Tato
O Alcalde de Boqueixón





Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

RESOLUCIÓN

Ovidio Rodeiro Tato, alcalde do Concello de Boqueixón, tendo que ausentarme por asuntos persoais , desde o día 8 de agosto ata o día 28 de agosto de 2016, ambos os dous incluídos,

RESOLVO

- 1.- Delegar desde o día 8 de agosto ata o día 15 de agosto de 2016, ambos os dous incluídos, en don Jesús Sanjuás Mera, todas as competencias delegables e propias desta alcaldía.
- 2.- Delegar desde o día 16 de agosto ata o día 28 de agosto de 2016, ambos os dous incluídos, en don Manuel Fernández Munín, todas as competencias delegables e propias desta alcaldía.
- 3.- Dar conta desta resolución a don Jesús Sanjuás Mera e a don Manuel Fernández Munín, Concelleiros , para o seu coñecemento e efectos.

Boqueixón, 5 de agosto do 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



Teléfono: 981- 51 30 61
 Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
 C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
 Forte s/n
 15881 Boqueixón (A Coruña)

Servizo de Contratación

Expediente: Subministro material PAS

Procedemento: Negociado sin publicidade

Forma: Urxente

Resolución da alcaldía

Adxudicación do contrato do subministro de portas, fiestras e outras estruturas de carpintería metálica para as obras do Plan PAS 2015.

Por resolución da alcaldía ditada o 29 de xullo, clasificouse a única oferta presentada no concurso do subministro de portas, fiestras e outras estruturas de carpintería metálicas para as obras do Plan PAS 2015. O concurso iniciouse por urxencia e por resolución ditada o día 20 de xullo.

A clasificación foi a seguinte:

Empresa	Importe ofertado	Puntuación
Aluminios Vedra	19.243,64 euros	5 puntos

Na mesma resolución requiriuse á empresa Aluminios Vedra para que presentase o aval e a documentación que figura na cláusula 13 do prego, no prazo de 5 días hábiles para posteriormente adxudicar o contrato.

Envíase o requirimento o día 1 de agosto, vía correo electrónico e o día 4 de agosto a empresa entrega toda a documentación requirida.

Polo tanto ó ter que adxudicar o contrato no prazo máximo de 3 días hábiles, Resolvo:

1 Adxudicar o contrato do subministro de portas, fiestras e outras estruturas de carpintería metálica para as obras do Plan PAS 2015, á empresa Aluminios Vedra por importe de 19.243,64 euros.

2 Notificar esta resolución á empresa adxudicataria e comunicarlle que se formalizará o contrato dentro dos quince días hábiles seguintes á data da notificación deste acordo.

Boqueixón, 5 de agosto de 2016.



O alcalde
Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio

O día 8 de agosto don Juan Manuel _____, pirotécnico de Vedra, con dni _____, presenta a seguintes solicitudes para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio nas parroquias de:

- San Lorenzo de A Granxa os días 10, 11 e 12 de agosto. (Rex. 16/1697)
- Parroquia de Gastrar o día 14 de agosto. (Rex. 16/1698)
- Parroquia de Lamas os días 15 e 16 de agosto. (Rex. 16/1699)
- Parroquia de Lestedo os días 14, 15 e 16 de agosto. (Rex. 16/1700)

Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 8 de agosto de 2016

O alcalde en funcións

Jesús Barjuán Mera



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Con data 9 de agosto de 2016, rexistro de entrada número 16/1725, don José , en calidade de secretario da Asociación de Festexos Camporrapado, solicita licenza para verbena e baile ao aire libre durante a festa popular de Oural durante os días 15, 16 e 17 de agosto 2016.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia,

RESOLVO:

1º Conceder ao representante da Asociación de Festexos Camporrapado licenza para a realización de verbena e baile en Oural coas seguintes:

Día 15 de agosto de 2016

Tipo de espectáculo: Verbena ao aire libre consistente en sesión vermú e actuación a cargo do Dúo Casino Sevilla.

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 200 persoas

O horario será de 14:00 a 16:00 horas.

Día 16 de agosto de 2016

Tipo de espectáculo: Verbena ao aire libre consistente en sesión vermú e actuación a cargo do Dúo Chic.

Características do escenario do Dúo Chic: 4 mts de longo por 1,7 de alto

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 200 persoas

O horario será de 14:00 a 16:00 horas.

Día 17 de agosto de 2016

Tipo de espectáculo: Verbena ao aire libre consistente en sesión vermú coa actuación do Trío Alborada e baile pola noite a cargo do Trío Alborada e a Orquestra Gran Parada

Características do escenario do Trío Alborada: Camión de 6700 mm. de longo, 3250 mm. de alto e 2200 mm. de fondo.

Características do escenario da Orquestra Gran Parada: Camión de 13560 mm. de longo e 2550 Mm. de fondo.

A previsión de asistencia de público estimase en torno ás 1500 persoas
O horario será de 13:00 a 16:00 horas e 10:00 a 3:30 horas.

2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

Boqueixón, 9 de agosto de 2016

O alcalde en funcións



Jesús Sanjuás Mera



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio

O día 9 de agosto con rexistro de entrada núm. 16/1721 don Arturo ; en representación da Pirotecnia Penide, S.L, con dni presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Oural os días 15, 16 e 17 de agosto de 2016.

Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ningún poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 9 de agosto de 2016

O alcalde en funcións



Jesús Sanjuás Mera



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

130
Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Oficina de Emprego de Santiago Norte remitiu candidatos/as preseleccionados para as ofertas presentadas con data do 4 de agosto de 2016 de **2 Brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais** formadas cada unha delas por 1 xefe de brigadas, 1 posto de peón de brigada-conductor, 6 postos de peóns de brigada.

Para a contratación de 2 xefes de brigada, a oficina de Emprego remite 15 candidatos/as e identifica a oferta co código 12-2016-8242:

APELIDOS E NOME
ALBOR TABOADA RODRIGO
ÁLVAREZ PEITEADO JOSE ALBERTO
BARCIA DOPAZO GUSTAVO V.
CASAL PEREIRA BRAN
CEREIJO BARREIRO LAURA
CORTEGOSO ÁLVAREZ BEATRIZ
DA VILA CALVAR AMELIA
GÓMEZ LISTE CESAR
GÓMEZ DEUS MARÍA JESÚS
IGLESIAS FERNÁNDEZ MARÍA PATRICIA
PENAS VÁZQUEZ MINIA
PIÑEIRO VEIRAS ALICIA
TABOADA MOURE MARÍA PILAR
VALIÑO CASAL MARÍA CARMEN
VAZ VARELA SANTIAGO

Para a contratación de 2 peóns de brigada-conductor, a oficina de Emprego remite 13 candidatos/as e identifica a oferta co código 12-2016-8235:

APELIDOS E NOME
AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS
ASOREY VALES MARCOS
CAJIDE NEIRA ALBERTO
FÓNTELA RIOS EMILIO
LUEIRO BALADO FERNANDO
MAREQUE REY JULIAN
MIGUEZ RICO JUAN CARLOS
NUÑEZ BARRAL SEBASTIAN
RODRIGUEZ CASAL AMELIA
SEJO SERTO SANTIAGO
SEOANE FERNÁNDEZ OSCAR
TEIXEIRA FERREIRA RAMIRO
VILLAR COUTO JUAN LUIS

Para a contratación de 6 peóns de brigada, a oficina de Emprego remite 18 candidatos/as e identifica a oferta co código 12-2016-8241:

APELIDOS E NOME
AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS
ASOREY VALES MARCOS

CAJIDE NEIRA ALBERTO
FONTELA RIOS EMILIO
GARCIA CASAL SANTIAGO
LODEIRO IGLESIA LUIS
LOPEZ AGRELO DIEGO
LOSADA MOSQUERA ANTONIO
LUEIRO BALADO FERNANDO
MAREQUE REY JULIAN
MIGUEZ RICO JUAN CARLOS
NUNEZ BARRAL SEBASTIAN
RENDO FERNANDES VICTOR
RODRIGUEZ CASAL AMELIA
SEIJO SERTO SANTIAGO
SEOANE FERNÁNDEZ OSCAR
TEIXEIRA FERREIRA RAMIRO
VILLAR COUTO JUAN LUIS

A Oficina de Emprego de Santiago Norte permite que o concello de Boqueixón contacte directamente a través do teléfono ou correo electrónico que constan nos curriculum vitae dos/as candidatos/as que remite a oficina de emprego, para convocarlles ó proceso de selección.

Por todo isto, RESOLVO:

1.- Establecer as datas das probas de selección:

1.1 Para a realización da proba escrita os xefes de brigada oferta núm. 12-2016-8242:

Data: 16/08/2016

Hora: 09:30 h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

Para a realización da proba escrita os peóns de brigada-conductor oferta núm. 12-2016-8245 e peóns de brigada oferta núm. 12-2016-8235:

Data: 16/08/2016

Hora: 11:00 h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

1.2 Para a realización da baremación méritos ós/ás candidatos/as dos/as xefes de brigada oferta núm. 12-2016-8242, peóns de brigada-conductor oferta núm. 12-2016-8245 e peóns de brigada oferta núm. 12-2016-8235:

Data: 16/08/2016

Hora: 12:30h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte (Boqueixón), 15881 Boqueixón.

1.3 Para realizar A BAREMACIÓN do tempo como desempregado dende o último traballo (segundo informe de vida laboral) ós/ás candidatos/as dos/as xefes de brigada oferta núm. 12-2016-8242, peóns de brigada-conductor oferta núm. 12-2016-8245 e peóns de brigada oferta núm. 12-2016-8235:

Data: 16/08/2016

Hora: 13:30h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

2.- Nomeamento da comisión seleccionadora:

PRESIDENTE: JUAN MANUEL CORRAL SÁNCHEZ; SUPLENTE: LOURDES GARCIA ABEIJÓN.

SECRETARIA: ADELA LAMELA ARTEAGA; SUPLENTE: PILAR PAZOS SANTASMARINAS.

VOGAL 1: ROSARIO IGLESIAS IGLESIAS; SUPLENTE: EUGENIO FERNÁNDEZ VIEITES.

VOGAL 2: GONZALO TORRES GIL; SUPLENTE: ISABEL SERTO GARCÍA.

VOGAL 3: MARÍA VICTORIA NEGRÍN BLANCO; SUPLENTE: JOSÉ MARÍA SOUTO TEMES.

3.- Convocar os/as candidatos/as remitidos a través de correo electrónico e en ausencia deste dato no curriculum vitae aportado pola Oficina de Emprego de Santiago Norte convocar por teléfono. Neste último caso, realizarase ata un máximo de 3 chamadas para realizar a convocatoria do/a candidato/a. Os/as candidatos/as se lles informará sobre as bases de contratación.

4 Poñer en coñecemento esta resolución e as bases ós membros da comisión seleccionadora.

Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarlles se concurrese algunha daquelas circunstancias

5 Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello de Boqueixón.

Boqueixón, 09 de agosto de 2016



Jesús Sanjuás Mera

O alcalde en funcións de Boqueixón



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

103
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Con data 10 de agosto de 2016, rexistro de entrada número 16/1736, don Marcial , en calidade de representante da Comisión de Festas de A Granxa, solicita licenza para verbena e baile ao aire libre durante a festa popular de A Granxa durante os días 10, 11 e 12 de agosto de agosto 2016.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia,

RESOLVO:

1º Conceder ao representante da Comisión de Festas de A Granxa licenza para a realización de verbena e baile en A Granxa coas seguintes:

Día 10 de agosto de 2016

Tipo de espectáculo: Verbena ao aire libre consistente en sesión vermú e actuación a cargo do Trío Os Pecados.

Características do escenario do Trío Os Pecados: 7 mts. de longo por 4 mts. de alto

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 100 persoas

O horario será de 14:00 a 16:00 e 11:00 a 2:30 horas.

Día 11 de agosto de 2016

Tipo de espectáculo: Verbena ao aire libre consistente en sesión vermú e actuación a cargo do Dúo Armonía.

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 100 persoas

O horario será de 14:00 a 16:00 e 11:00 a 2:30 horas.

Día 12 de agosto de 2016

Tipo de espectáculo: Verbena ao aire libre consistente en sesión vermú coa actuación do Grupo Canela e baile pola noite a cargo do Grupo Canela a Orquestra Ibiza

Características do escenario do Grupo Canela: Camión de 12 mts. de longo, 4 mts. de alto.

Características do escenario da Orquestra Ibiza: Camión de 12 mts. de longo e 4 mts. de alto.

A previsión de asistencia de público estimase en torno ás 800 persoas

O horario será de 14:00 a 14:00 horas e 11:00 a 4:00 horas.


2º A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3º Notificar esta resolucións aos interesados.

Boqueixón, 10 de agosto de 2016

O alcalde en funcións



Jesús Sanjuás Mera



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

154
Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A Oficina de Emprego de Santiago Norte remitiu candidatos/as preseleccionados para as ofertas presentadas con data do 4 de agosto de 2016 de 1 Técnico de Información Turística.

Para a contratación de 1 técnico de información turística, a oficina de Emprego remite 10 candidatos/as e identifica a oferta co código 12-2016-8264:

APELIDOS E NOME
CARBALLAL BASCOY, JOSÉ ANTONIO
GONZÁLEZ RODRIGUEZ, GUSTAVO
LAMAS IGLESIAS, JESÚS
LÓPEZ REBOREDO, ÁNGEL
NOYA REY, JULIA
PEDREIRA PINO, EVA
PENSADO GÓMEZ, SUSANA
PORRAL GONZÁLEZ, EIDER IXONE
SÁNCHEZ MELLA, RAQUEL
SANTOS MATO, BARBARA

A Oficina de Emprego de Santiago Norte permite que o concello de Boqueixón contacte directamente a través do teléfono ou correo electrónico que constan nos curriculum vitae dos/as candidatos/as que remite a oficina de emprego, para convocarlles ó proceso de selección.

Por todo isto, RESOLVO:

1.- Establecer as datas das probas de selección:

1.1 Para a realización da proba escrita:

Data: 22/08/2016

Hora: 10:00 h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña)

1.2 Para a realización da baremación méritos:

Data: 22/08/2016

Hora: 11:00h.

Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte (Boqueixón), 15881 Boqueixón.

2.- Nomeamento da comisión seleccionadora:



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)**

Forte s/n - Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

**PRESIDENTE: MARÍA VICTORIA NEGRÍN BLANCO; SUPLENTE: LOURDES GARCIA ABEIJÓN.
SECRETARIA: ADELA LAMELA ARTEAGA; SUPLENTE: PILAR PAZOS SANTASMARINAS.
VOGAL 1: MARÍA JOSÉ LAREO PEREIRA; SUPLENTE: EUGENIO FERNÁNDEZ VIEITES.
VOGAL 2: PILAR PAZOS SANTASMARINAS ; SUPLENTE: ISABEL SERTO GARCÍA.
VOGAL 3: ANA BEATRIZ DÍAZ MÍGUEZ; SUPLENTE: JOSÉ MARÍA SOUTO TEMES.**

3.- Convocar os/as candidatos/as remitidos a través de correo electrónico e en ausencia deste dato no curriculum vitae aportado pola Oficina de Emprego de Santiago Norte convocar por teléfono. Neste último caso, realizarase ata un máximo de 3 chamadas para realizar a convocatoria do/a candidato/a. Os/as candidatos/as se lles informará sobre as bases de contratación.

4 Poñer en coñecemento esta resolución e as bases ós membros da comisión seleccionadora.

Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concurren neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusarlles se concurrese algunha daquelas circunstancias

5 Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello de Boqueixón.

Boqueixón, 17 de agosto de 2016

Manuel Fernández Munín
O alcalde en funcións de Boqueixón



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

155
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Expediente: Contratación obras PAS 2015

Procedemento/ Tramitación: Negociado sin publicidade- urgente

Apertura dos sobres B e C das obras do PAS 2015

Na Xunta de Goberno realizada o día 21 de xullo, iniciouse a contratación por procedemento negociado sin publicidade e por urxencia das seguintes obras incluídas no plan PAS 2015:

Camión de Ponteledesma a igrexa de Oural e outros por importe de 67.115,00 euros

Camión de Ramil a área recreativa e outros por importe de 80.727,18 euros

Con data 28 de xullo, publícase no perfil do contratista da páxina web municipal, a licitación das obras cos documentos necesarios para que as empresas puidesen presentar as súas propostas. O prazo para a presentación das ofertas era de 10 días naturais

Con data 12 de agosto, a secretaria da mesa de contratación, presentas as correspondentes certificacións das empresas que presentaron as súas ofertas e que a continuación se relacionan:

Camión de Ponteledesma a igrexa de Oural e outros

- ✓ Oviga, SL
- ✓ F. Gómez y Cía, SL
- ✓ Martínez Montes e Hijos, SL
- ✓ Concifa, SL
- ✓ Marconsa
- ✓ Hordescon, SL
- ✓ Eulogio Viñal
- ✓ SYR- AMG

Camiño de Ramil a área recreativa e outros

- ✓ Oviga, SL
- ✓ F. Gómez y Cía, SL
- ✓ Concifa, SL
- ✓ Marconsa
- ✓ Hordescon, SL
- ✓ Eulogio Viñal
- ✓ SYR- AMG

A documentación contida nos sobres A é calificada sendo correctamente presentada por tódalas empresas licitadoras.

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno pero debido á urxencia na execución das obras, o alcalde avoca o proceso de contratación baseándose en causas técnicas segundo se especifica no art. 14 da LXPAC

Ábrense os sobres B de Referencias Técnicas. A documentación é selada polo servizo de contratación para remitir ó técnico e membro do órgano negociador, que informará os criterios reflectidos no anexo V que foi aprobado para o efecto e publicado no perfil do contratista.

A continuación ábrense os sobres C de ofertas económicas, e coa finalidade de cumprir os pregos de cláusulas e non dar a coñecer o nome real de cada unha das empresas, para a posterior negociación, adxudícaselle a cada unha das empresas un código alfanumérico. A continuación transcribense as ofertas presentadas polas empresas licitadoras, tendo en conta os tipos de licitación:

Camiño de Ponteledesma a igrexa de Oural e outros

Importe licitación: 67.115,00 euros

Código empresa	Oferta presentada incluído o IVE
1BC	60.000,00 euros
2AB	64.450,00 euros
3HF	62.920,00 euros
4SR	61.745,80 euros
5KM	60.242,42 euros
6LB	58.517,57 euros
7ZX	61.410,22 euros

8JL	60.403,41 euros
-----	-----------------

Camión de Ramil a área recreativa e outros

Importe licitación: 80.727,18 euros

Código empresa	Oferta presentada incluído o IVE
1SA	72.654,37 euros
2GZ	71.847,19 euros
3LR	70.079,26 euros
4BS	71.879,48 euros
5CQ	72.654,46 euros
6EX	77.900,00 euros
7PM	79.000,00 euros

Neste momento o órgano de contratación trasládalle a documentación ó órgano de negociación que será o encargado de valorar e negociar as ofertas presentadas para, posteriormente, elaborar a proposta de adxudicación.

Polo tanto, Resolvo:

1 Avocar a contratación das obras do Plan PAS 2015, por causas técnicas segundo se especifica no art. 14 da LRXPAC, tendo en conta a urxencia do procedemento. As obras son as denominadas: Camión de Ramil a área recreativa e outros e Camión de Ponteledesma a igrexa de Oural e outros.

2. Trasladar a documentación dos expedientes ó órgano negociador para que valore e negocie as ofertas presentadas.

Boqueixón, 16 de agosto de 2016.

O alcalde en funcións



Manuel Fernández Muñín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

Padróns fiscais

Corrección de erros a aprobación definitiva do padrón do lixo 2016

Na Xunta de Goberno do día 7 de xullo, aprobouse o padrón municipal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, que a data 5 de xullo contiña 1.772 recibos por un importe total de 132.229,15 euros.

Este padrón está en exposición pública desde o 12 de xullo, data da publicación do anuncio no BOP ata o 12 de agosto. Neste período e ó realizar unha revisión de oficio, detéctase un erro que se produciu no momento de facer un cambio de suxeito pasivo, pero non así na aplicación da taxa correspondente.

Polo tanto ó corrixir dito erro, dase unha variación no importe total do padrón, pasando de 132.229,15 euros a 132.211,42 euros.

Co obxecto de enviar estes datos á Deputación da Coruña para que se proceda co cobro da taxa, Resolvo:

1. Aprobar o padrón municipal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana correspondente ó ano 2016, que ó finalizar a exposición pública e facer as modificacións correspondentes ascende a:

Número de recibos total: 1.772

Importe total: 132.211,42 euros

2. Comunicar estes datos á Deputación da Coruña para os efectos oportunos.

Boqueixón, 17 de agosto de 2016

O alcalde en funcións


Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

157
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Resolución da alcaldía

Adxudicación do contrato da obra Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros - Plan POS 2016

Na Xunta de Goberno realizada o día 6 de maio de 2016, acordouse iniciar os trámites para a contratación da obra incluída no Pos 2016 denominada: "Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros" por importe de 53.577,01 euros

Na Xunta de Goberno do día 16 de xuño, valóranse as ofertas presentadas, adxudicando un código alfanumérico a cada unha das empresas para non divulgar a identidade destas, de cara a realizar o proceso de negociación.

Tamén se acorda comunicar ás empresas Nemesio Ordoñez, SA (NOSA) e José Luís Millán Millán, que están excluídas do proceso de contratación ó ser incorrecta a documentación presentada.

As puntuacións acadadas polas empresas son as que a continuación se transcriben:

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe de control de calidade		Oferta económica	Total puntuación
					%CI	%CE		
530G	10	9	10	10	0.83	9	40	88.83
P0PQ	10	7	10	10	0.17	9	9.49	55.66
3056	10	7	7	10	0.83	9	26.04	69.87
SH0G	0	0	0	0	0.17	4.50	29.98	34.65
P692	6	6	7	10	0.17	0	9.25	38.42
15WM	10	7	10	10	0.17	6	27.24	70.41

MFAH	10	6	7	10	0.33	9	23.78	66.11
9CP5	4	2	4	4	0.17	1.50	0	15.67
PKU5	10	7	7	10	1	9	15.32	59.32

A partires deste momento, e segundo acta do órgano negociador de data 29 de xullo de 2016, iníciase a segunda fase da negociación comunicando a tódalas empresas os datos obtidos na primeira fase do concurso, para que se o desexan poidan mellorar a súa proposta inicial, ou ben ratificarse. Os criterios a negociar son: a oferta económica e as porcentaxes do control de calidade interno e externo.

Os códigos alfanuméricos utilizados para a negociación corresponden ás seguintes empresas:

Concifa, SL - P692

EXOGA (Excavaciones y Obras públicas Galicia, SL) - PKU5

Marconsa (Movimiento de Aridos y Construcciones de Arosa, SL) - MFAH

Oviga, SL - 530G

Martínez Montes e Hijos, SL -3O56

Antonio Filloy, SA - P0PQ

Excavaciones Cernadas Valiña, SL - SH0G

Cosmalca,SL - 15WM

Hnos. Couto Fandiño, SL - 9CP5

Neste caso, a oferta económica máis baixa foi presentada por Oviga (530G) por importe de 39.720,00 euros e os controis e calidade externo o 1% obrigatorio máis o 3%, comprometéndose a destinar ata un 5% para o control interno.

Rematado o prazo para negociar, as empresas presentan as seguintes propostas:

Empresa	Oferta económica	Porcentaxe calidade
Concifa, SL	39.036,93 euros	Porcentaxe interno: 5% Porcentaxe externo: 3%
Martínez Montes, SL	37.389,00 euros	Porcentaxe interno: 8% Porcentaxe externo: 3%
Cosmalca,SL	Ratificase na oferta inicial 43.000,00 euros	Ratificase na oferta inicial Porcentaxe interno: 1% Porcentaxe externo: 2%
Cernadas Valiña, SL	Ratificase na oferta inicial 52.138,37 euros	Ratificase na oferta inicial Porcentaxe interno: 0% Porcentaxe externo: 0%

Couto Fandiño,SL	Ratifícase na oferta inicial 53.475,25 euros	Ratifícase na oferta inicial Porcentaxe externo: 0.5% Porcentaxe interno: 1%
Oviga, SL	Ratifícase na oferta inicial 40.220,00 euros	Oferta ata un 10% para o control interno de calidade
Excomel	38.499,50 euros	Porcentaxe interno: 5% Porcentaxe externo: 3%

As empresas Marconsa e Exoga non se presentan á negociación, polo que quedan eliminadas no proceso.

Con estes datos, e xa na terceira fase do procedemento, o órgano negociador valora as propostas definitivamente e propón ó órgano de contratación que se adxudique a obra á empresa con maior puntuación que é Oviga, SL.

Na Xunta de Goberno do día 4 de agosto, o órgano de contratación, á vista da acta presentada polo órgano negociador, clasifica as propostas obtidas no proceso que a continuación se reflicten:

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidade		Oferta económica	Total
					%CI	%CE		
Oviga	10.00	9.00	10.00	10.00	1.00	9.00	34.99	83.99
Martínez Montes	10.00	7.00	7.00	10.00	0.80	9.00	40.00	83.80
Concifa	6.00	6.00	7.00	10.00	0.50	9.00	39.87	78.37
Filloy	10.00	7.00	10.00	10.00	0.10	9.00	24.24	70.34
Cosmalca	10.00	7.00	10.00	10.00	0.10	6.00	22.67	65.77
Cernadas Valiña	0.00	0.00	0.00	0.00	0.10	4.50	25.66	30.26
Hinos, Couto	4.00	2.00	4.00	4.00	0.10	1.50	0.00	15.60

Nesta mesma sesión, acórdase requirirle á empresa con maior puntuación que achegue a documentación sinalada na cláusula 16.2 do prego, no prazo máximo de 10 días hábiles.

Con data 8 de agosto, envíase o requirimento á empresa Oviga, SL e con data 10 de agosto presenta correctamente a documentación solicitada.

Polo tanto, e tendo que adxudicar o contrato no prazo de 5 días hábiles, Resolvo:

1. Adxudicar o contrato da obra denominada Camiño de Troitomil a pista de aglomerado (Lestedo) e outros, incluída no Plan POS 2016 á empresa Oviga,SL por importe de 39.720,00 euros. Deberá destinar o 4% do orzamento de execución material (37.208,84 euros) para que a administración realice o control externo de calidade, importe que lle será retido nas correspondentes certificacións de obra.
2. Designar como técnico – director da obra ó redactor do proxecto, D. Julio C. Rojo Martinez
3. Formalizar o contrato non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que reciban a notificación os licitadores.
4. Notificar esta resolución a tódolos licitadores e publicala na páxina web.

Boqueixón, 17 de agosto de 2016

Alcalde en funcións

Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

DECRETO

O Pleno da corporación na sesión plenaria que tivo lugar o 13 de xullo do 2016 acordou modificar o Presuposto Xeral Municipal 2016 co fin de destinar o importe do superávit do ano 2016 cuxa contía ascende a 491.400,83 €, ás seguintes partidas do presuposto 2016:

Estado gastos		
Cap.	Denominación	Importe
9	Pasivos financeiros	108.010,26 €
6	Conexión colectores de saneamento á rede xeral	18.659,73 €

O referido acordo foi publicado no BOP número 137, do 20 de xullo do 2016, durante 15 días hábiles, non presentándose reclamacións. A publicación definitiva da modificación presupostaria tivo lugar no BOP número 155 de 17 de agosto do 2016.

Polo exposto, Resolvo:

1. Considerar definitivamente aprobada a modificación presupostaria número 1 correspondente ó exercicio presupostario 2016.
2. Proceder a dar conta do decreto ó departamento de Tesourería-Intervención ós efectos oportunos.

Boqueixón, 19 de agosto de 2016

Alcalde en funcións

Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

159
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Resolución da alcaldía

Adxudicación do contrato da obra Camiño monte cima da Alboya (Lamas) e outros - Plan POS 2016

Na Xunta de Goberno realizada o día 6 de maio de 2016, acordouse iniciar os trámites para a contratación da obra incluída no Pos 2016 denominada: "Camiño de monte cima da Alboya (Lamas) e outros" por importe de 53.475,25 euros

Na Xunta de Goberno do día 16 de xuño, valóranse as ofertas presentadas, adxudicando un código alfanumérico a cada unha das empresas para non divulgar a identidade destas, de cara a realizar o proceso de negociación.

Tamén se acorda comunicar ás empresas Nemesio Ordoñez, SA (NOSA) e José Luís Millán Millán, que están excluídas do proceso de contratación ó ser incorrecta a documentación presentada.

As puntuacións acadadas polas empresas son as que a continuación se transcriben:

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidade		Oferta económica	Total puntuación
					%CI	%CE		
75R3	10	9	10	10	0.83	9	40	88.83
N4YZ	0	0	0	0	0	0	4.94	5.04
5O12	10	7	7	7	0.25	9	22.21	62.46
R0MF	10	7	7	10	0.83	9	26.97	70.80
QC34	10	7	7	10	0.50	9	15.86	59.36
AXDF	6	6	7	10	0.17	0	9.89	39.06

OGQM	4	2	4	4	0,17	1,50	0	15,67
XJMP	10	7	7	10	1	9	13,40	57,40
1HWA	10	7	10	10	0,17	6	32,97	76,14

A partires deste momento, e segundo acta do órgano negociador de data 29 de xullo de 2016, iníciase a segunda fase da negociación comunicando a tódalas empresas os datos obtidos na primeira fase do concurso, para que se o desexan poidan mellorar a súa proposta inicial, ou ben ratificarse. Os criterios a negociar son: a oferta económica e as porcentaxes do control de calidade interno e externo.

Os códigos alfanuméricos utilizados para a negociación corresponden ás seguintes empresas:

Concifa, SL - AXDF

EXOGA (Excavaciones y Obras públicas Galicia, SL) - XJMP

Excomel - 5o12

Oviga, SL - 75R3

Martínez Montes e Hijos, SL -R0MF

Excavaciones Cernadas Valiña, SL - N4YZ

Cosmalca,SL -1HWA

Hnos. Couto Fandiño, SL - 0GQM

Construcciones Boqueixón - QC34

Neste caso, a oferta económica máis baixa foi presentada por Oviga (75R3) por importe de 40.220,00 euros e os controis e calidade externo o 1% obrigatorio máis o 3%, comprometéndose a destinar ata un 5% para o control interno.

Rematado o prazo para negociar, as empresas presentan as seguintes propostas:

Empresa	Oferta económica	Porcentaxe calidade
Concifa, SL	39.036,93 euros	Porcentaxe interno: 5% Porcentaxe externo: 3%
Martínez Montes, SL	37.389,00 euros	Porcentaxe interno: 8% Porcentaxe externo: 3%
Cosmalca,SL	Ratificase na oferta inicial 43.000,00 euros	Ratificase na oferta inicial Porcentaxe interno: 1% Porcentaxe externo: 2%
Cernadas Valiña, SL	Ratificase na oferta inicial 52.138,37 euros	Ratificase na oferta inicial Porcentaxe interno: 0% Porcentaxe externo: 0%

Couto Fandiño,SL	Ratifícase na oferta inicial 53.475,25 euros	Ratifícase na oferta inicial Porcentaxe externo: 0.5% Porcentaxe interno: 1%
Oviga, SL	Ratifícase na oferta inicial 40.220,00 euros	Oferta ata un 10% para o control interno de calidade
Excomel	38.499,50 euros	Porcentaxe interno: 5% Porcentaxe externo: 3%

A empresa Exoga non se presenta á negociación, polo que queda eliminada no proceso.

Con estes datos, e xa na terceira fase do procedemento, o órgano negociador valora as propostas definitivamente e propón ó órgano de contratación que se adxudique a obra á empresa con maior puntuación que é Martínez Montes, SL

Na Xunta de Goberno do día 4 de agosto, o órgano de contratación, á vista da acta presentada polo órgano negociador, clasifica as propostas obtidas no proceso que a continuación se reflicten:

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidade		Oferta económica	Total
					%CI	%CE		
Martínez Montes	10.00	7.00	7.00	10.00	0.80	9.00	40.00	83.80
Oviga	10.00	9.00	10.00	10.00	1.00	9.00	33.95	82.95
Excomel	10.00	7.00	7.00	7.00	0.50	9.00	37.41	77.91
Concifa	6.00	6.00	7.00	10.00	0.50	9.00	36.48	74.98
Cosmalca	10.00	7.00	10.00	10.00	0.10	6.00	28.00	71.10
Hnos Couto	4.00	2.00	4.00	4.00	0.10	1.50	0.00	15.60
Cernadas Valiña	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	0.00	3.60	3.60

Nesta mesma sesión, acórdase requirirle á empresa con maior puntuación que achegue a documentación sinalada na cláusula 16.2 do prego, no prazo máximo de 10 días hábiles.

Con data 8 de agosto, envíase o requirimento á empresa Martínez Montes e Hijos, SL e con data 19 de agosto presenta correctamente a documentación solicitada.

Polo tanto, e tendo que adxudicar o contrato no prazo de 5 días hábiles, Resolvo:

1. Adjudicar o contrato da obra denominada Camiño monte cima da Alboya (Lamas) e outros, incluída no Plan POS 2016 á empresa Martínez Montes e Hijos, SL por importe de 37.389,00 euros. Deberá destinar o 4% do orzamento de execución material (37.138,17 euros) para que a administración realice o control externo de calidade, importe que lle será retido nas correspondentes certificacións de obra.

2. Designar como técnico - director da obra ó redactor do proxecto, D. Julio C. Rojo Martínez

3. Formalizar o contrato non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que reciban a notificación os licitadores.

4. Notificar esta resolución a tódolos licitadores e publicala na páxina web.

Boqueixón, 24 de agosto de 2016

 CONFELIDO en funcións
BOQUEIXÓN

Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

160
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio

O día 24 de agosto con rexistro de entrada núm. 16/1806 don Juan Manuel , pirotécnico de Vedra, con dni . presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Boqueixón (O Forte) o día 16, 27 e 28 de agosto.

Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais (DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra negligencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 24 de agosto de 2016

O alcalde en funcións

Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

161
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Expediente: Camiño de Carabán a cruce de Lamas e outros - AGADER

Forma/ Proc: Negociado sen publicidade - Urxente

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Clasificación das ofertas presentadas para a realización da obra do AGADER

Na Xunta de Goberno realizada o día 7 de xullo de 2016, acordouse iniciar os trámites para a contratación da obra financiada polo AGADER denominada: "Camiño de Carabán a cruce de Lamas e outros" por importe de 74.208,09 euros

Na Xunta de Goberno do día 21 de xullo, ábrense os sobres B e C das propostas presentadas polas seguintes empresas:

- Concifa, SL
- Martínez Montes e Hijos, SL
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA
- Oviga, SL
- Hordescon, SL

Neste momento o órgano de contratación trasládalle a documentación ó órgano de negociación que será o encargado de valorar e negociar as ofertas presentadas.

O órgano de negociación, con data 26 de agosto, emite a correspondente acta na que se reflicte o proceso e que a continuación se transcribe literalmente:

ACTA DA NEGOCIACIÓN DA OBRA DO AGADER 2016

Obra: Camiño de Carabán a cruce de Lamas e outros.

Importe: 74.208,09 euros

D. Julio C. Rojo Martínez
D^a Adela Lamela Arteaga
D. Juan M. Corral Sánchez

Os membros do órgano negociador reúnen-se co obxecto de propoñer a adxudicación da obra do Agader 2016, despois de realizar o proceso de negociación que a continuación se detalla:

Na Xunta de Goberno do día 21 de xullo, abríronse os sobres B e C, e transcríbense as ofertas presentadas polas empresas licitadoras obtendo os seguintes datos :

Código empresa	Oferta presentada incluído o IVE
1hwa	62.921,04 euros
Pku5	74.000,01 euros
Axdf	64.264,20 euros
9cp5	63.041,00 euros
530G	66.787,28 euros

Despois de ser valoradas as referencias técnicas presentadas polas empresas participantes, o enxeñeiro de camiños e membro do órgano negociador don Julio C. Rojo Martínez, informa o seguinte:

“Tendo en conta o indicado no punto 6 do cadro de características da presente licitación a obra debe de estar rematada o 23 de setembro de 2016. Todas as empresas presentan un prazo de execución de 30 días naturais, coherente en principio co indicado no prego, excepto a empresa HORDESCON que oferta compromiso de *“ejecutar las obras con una reducción del plazo de ejecución, sobre el que se fija en el punto número 6 del Cuadro de Características del presente contrato de CUARENTA (40) DÍAS”*; como queira que o mencionado punto nº 6 non indica prazo senón data de finalización, pode tomarse esta oferta tanto como compromiso de terminar 40 días antes do día 23 de setembro, como reducir en 40 días os 3 meses que indica o proxecto. No seu programa de traballo o licitador indica como data de inicio das obras o 16 de agosto de 2016 e plantexa un período de 40 días hábiles (incoherente co ofertado na redución de prazos). En todo caso en calquera dos supostos non se cumpre o requisito imprescindible de finalizar as obras antes da data indicada polo que se considera que debe rexeitarse dita proposta”

Polo tanto, as valoracións totais das ofertas presentadas, tendo en conta a exclusión da empresa Hordesccon, SL sería a seguinte:

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidade		Redución de prazos	Oferta económica	Total puntuación
					%CI	%CE			

9CP5	13.00	5.00	7.00	10.00	0.50	9.00	1.60	31.56	77.66
530G	6.00	4.00	7.00	10.00	0.20	3.00	1.60	21.84	53.64
AXDF	9.00	5.00	7.00	10.00	0.50	9.00	1.60	28.39	70.49
PKU5	13.00	6.00	7.00	10.00	1.00	9.00	1.60	0.61	48.21

Os códigos alfanuméricos utilizados para a negociación corresponden ás seguintes empresas:

Oviga, SL - PKU5

Martínez Montes e Hijos, SL -9CP5

Hordescon, SL - 1hwa

Eulogio Viñal - AXDF

Concifa- 530G

Con data 11 de agosto iníciase o proceso de negociación e envíase a cada unha das empresas admitidas unha comunicación onde se transcribía o cadro coas puntuacións totais acadados e indicábase, para que as empresas negociasen se o desexaban ou ben se ratificasen na súa proposta inicial, o importe da oferta económica máis baixa, así como os prazos de execución da obra. Neste caso concreto, a oferta económica máis baixa foi presentada por Martínez Montes e Hijos, SL (9CP5) por importe de 63.041,00 euros e o prazo de execución da obra en 30 días.

No período establecido para o efecto as empresas presentan as seguintes propostas:

Empresa	Oferta económica	Redución de prazos
Oviga, SL	50.020,00 euros	Prazo de execución de 12 días naturais
Martínez Montes e Hijos, SL	53.240,00 euros	Prazo de execución de 21 días naturais (en todo caso finalizarase no prazo fixado no cadro de características)
Eulogio Viñal, SA	57.474,17 euros	Prazo de execución de 12 días naturais
Concifa,SL	51.797,24 euros	Prazo de execución de 12 días naturais

Posteriormente realízanse as valoracións das ofertas e obtéñense as puntuacións que a continuación se transcriben no seguinte cadro:

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidade		Redución de prazos	Oferta económica	Total puntuación
					%CI	%CE			
Oviga	13.00	6.00	7.00	10.00	1.00	9.00	4.00	40.00	90.00
Martínez Montes	13.00	5.00	7.00	10.00	0.50	9.00	3.00	34.39	81.89
Eulogio Viñal	9.00	5.00	7.00	10.00	0.50	9.00	4.00	27.45	71.95
Concifa	6.00	4.00	7.00	10.00	0.20	3.00	4.00	36.90	71.10

O órgano de negociación, á vista dos datos obtidos propón a adxudicación da obra á empresa Oviga, SL por importe de 50.020 euros, e tendo que executar a obra no prazo de 12 días naturais.

Asimesmo, á empresa Hordescon,SL comunicaráselle a súa exclusión expoñendo o motivo exposto no informe do técnico municipal. Non obstante será o órgano de contratación o que decidirá.

Boqueixón, 26 de agosto de 2016

Julio C. Rojo Martínez Adela Lamela Arteaga Juan M. Corral Sánchez

Tendo en conta a urxencia coa que se ten que certificar a obra, é preciso axilizar o proceso de contratación, polo que Resolvo:

- 1 Avocar a contratación da obra referida, por causas técnicas segundo se especifica no art. 14 da LRXPAC, tendo en conta a urxencia do procedemento
- 2 Clasificar, por orde decrecente, as propostas obtidas da negociación para a adxudicación da obra "Camiño de Carabán a cruce de Lamas e outros"

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidade		Redución de prazos	Oferta económica	Total puntuación
					%CI	%CE			
Oviga	13.00	6.00	7.00	10.00	1.00	9.00	4.00	40.00	90.00
Martínez Montes	13.00	5.00	7.00	10.00	0.50	9.00	3.00	34.39	81.89
Eulogio Viñal	9.00	5.00	7.00	10.00	0.50	9.00	4.00	27.45	71.95
Concifa	6.00	4.00	7.00	10.00	0.20	3.00	4.00	36.90	71.10

3 Requirir ó licitador con maior puntuación para que presente, no prazo de 5 días hábiles, a documentación que se sinala na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación das obras, na que se inclúe a presentación do correspondente aval polo importe do 5% do importe ofertado, excluído o IVE

Boqueixón, 26 de agosto de 2016.

O alcalde en funcións



Manuel Fernández Munín



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Expediente: Convenio de Colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Boqueixón para o financiamento do acondicionamento da edificación para centro Sociocomunitario no Concello de Boqueixón.

Resolución da alcaldía

Aprobación do convenio de colaboración asinado co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Na Xunta de Goberno realizada o día 18 de agosto de 2016, aprobouse o proxecto denominado "Acondicionamento de edificación para centro sociocomunitario en Sergude" por importe de 202.467,41 euros, coa finalidade de solicitar unha axuda económica para a realización das obras necesarias.

Despois de realizar as xestións oportunas, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, presta a colaboración necesaria para levar a cabo o financiamento das obras. (rexistro de entrada 16/1808 de 25/08/16)

É preciso aprobar o texto do convenio así como enviar a documentación xustificativa da aprobación coa maior brevidade posible, polo tanto Resolvo:

1 Aprobar a proposta de convenio que a continuación se transcribe literalmente:

CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN PARA O FINANCIAMENTO DO ACONDICIONAMENTO DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

REUNIDOS

Dunha parte, José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, en virtude da súa condición de Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e

Benestar segundo os estatutos que o regulan publicados no DOG núm. 131 do 7 de xullo de 2006.

Doutra parte, Ovidio Rodeiro Tato, actuando en representación do Concello de Boqueixón, en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ambas as partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

I. Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración suscrito entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os Concellos, o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria "cando así o solicite o concello interesado"), con atención especial á xestión integral das Escolas Infantís de titularidade municipal, no ámbito territorial dos entes consorciados.

Que o Consorcio nace así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira:

- Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente;
- Incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;
- Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de

planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

II.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas en exclusiva as competencias en materia de asistencia social de acordo coa Constitución española e o seu Estatuto de autonomía.

En base nesta competencia exclusiva aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que lle atribúe a esta administración autonómica a planificación, ordenación e coordinación das políticas autonómicas de benestar e, entre elas, as referidas á atención ás persoas maiores e ás persoas en situación de dependencia.

III.- Que na Comunidade Autónoma de Galicia, o departamento encargado da planificación, ordenación e coordinación das políticas referidas á atención ás persoas maiores en situación de dependencia correspóndelle á Consellería de Política Social, en virtude do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

IV.- Que de acordo co artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en relación co disposto nos artigos 10 a 13 deste mesmo texto legal, os concellos teñen atribuídas a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios, tanto básicos como específicos, aínda que o artigo 59.i) tamén atribúe á Xunta de Galicia a creación, mantemento e xestión dos centros e programas dos servizos sociais comunitarios específicos que, pola súa natureza, ámbito supramunicipal ou outras circunstancias, debidamente xustificadas no marco do Plan estratéxico de servizos sociais, asuma a Xunta de Galicia.

V.- A propia Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece no seu artigo 64 que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e cunha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos. Esta coordinación poderá levarse a cabo a través de fórmulas xurídicas adecuadas para tal fin, como as fórmulas de cooperación interadministrativa de natureza consorcial. Para estes efectos, a disposición adicional segunda da devandita lei fai referencia expresa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o cumprimento deses obxectivos, ao estipular que o Consorcio promoverá a coordinación e cooperación

efectiva cos concellos galegos co fin de asegurar unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio de Galicia.

VI.- Que o Concello de Boqueixón (en diante o Concello), adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado o 14/07/2006.

VII.- Que o Concello é titular dunha edificación situada na parroquia de Sergude, no lugar de Pumares, no Concello de Boqueixón, sendo vontade do Concello o seu acondicionamento para Centro Sociocomunitario.

VIII.- Baseándose no anterior, ambas as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar un **CONVENIO DE COLABORACIÓN** para financiar o acondicionamento da edificación para Centro Sociocomunitario, que será realizado polo Concello.

Polo tanto, coa finalidade de mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas do Concello as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é o de establecer as bases de colaboración entre as partes que o asinan para o financiamento do acondicionamento dunha edificación situada na parroquia de Sergude, no lugar de Pumares, para Centro Sociocomunitario, no Concello de Boqueixón, mediante unha contribución máxima do Consorcio de 200.000 euros. As cantidades executadas que excedan da achega do Consorcio serán por conta do Concello; sen prexuízo do anterior, admitirase a variación dos importes inicialmente previstos para as partidas obxecto do convenio sempre que no seu conxunto non excedan do importe total.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO E PAGO

Para o financiamento do investimento obxecto deste convenio, o Consorcio comprométese a achegar ao Concello a cantidade máxima de 200.000 euros durante as anualidades 2016, 2017 e 2018, con cargo á partida orzamentaria ***** (a

determinar polo Consorcio) dos orzamentos de gastos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, coa seguinte distribución.

Anualidade	Importe
2016	15.000 €
2017	92.500 €
2018	92.500 €

TERCEIRA.- OBRIGAS DO CONCELLO

Son obrigas do Concello as seguintes:

1. Realizar as actividades obxecto de financiamento.
2. Facilitar toda a información requirida polo Consorcio referente ao obxecto do presente convenio.
3. Non difundir, sen a previa autorización do Consorcio, calquera información que afecte ao contido do presente convenio.
4. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación aplicable ao concello en cada caso coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control do gasto polos organismos correspondentes.
5. Acreditar a realización do obxecto así como a aplicación dos fondos ao fin destinado, de acordo co establecido na cláusula segunda deste convenio.
6. Acreditar, no seu caso, o importe doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que puidera ter recibido para financiar as actuacións obxecto do presente convenio. De acordo coa previsión contida no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en ningún caso o dito importe poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coa achega realizada polo Consorcio supere o custe total das actuacións obxecto de presente convenio.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos.

8. De conformidade co artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello deberá destinar o inmovible ao recurso do Centro Sociocomunitario, durante un mínimo de 5 anos, no caso de bens inscribibles nun rexistro público e durante un mínimo de 2 anos para os restantes bens.
9. De conformidade co previsto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o concello deberá cumprir as obrigas que sobre a subministración de información se poidan requirir. Para o caso do incumprimento desta obriga estarase ao disposto no artigo 4.4 da devandita lei.
10. O Concello comprométese a entregar ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar toda a documentación que sexa precisa para os efectos de xustificar o investimento realizado.
11. O Concello tamén se compromete á xestión do centro, en calquera das modalidades previstas na lexislación vixente, e a que a subscripción deste convenio non supoña incremento do gasto para a Xunta de Galicia, co obxecto de atender os gastos de funcionamento do equipamento unha vez construído.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E FORMA DE PAGAMENTO.

Respecto á forma de pagamento estarase ao establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro de desenvolvemento do anterior.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar efectuará o pagamento das contías comprometidas en favor do Concello para cada un dos exercicios, unha vez que o concello teña contabilizado o recoñecemento das obrigas polo órgano competente da entidade local. Para o cal, con carácter preferente, deberá achegar as facturas referentes ao gasto realizado para a execución deste investimento, podéndose incluír nestes os honorarios de redacción do proxecto, que deberán ir acompañadas dunha certificación expedida polo órgano correspondente da corporación local beneficiaria, acreditativa da súa aprobación polo órgano competente.

Os pagamentos á conta efectuaranse contra xustificantes de gasto (facturas) acreditativos dos gastos de execución do investimento subvencionado, aos que deberán xuntar certificación do órgano que teña atribuídas na devandita entidade as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, así como unha declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter

pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Aos efectos do previsto no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Concello deberá presentar estes xustificantes ante o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na data límite do 10 de decembro de cada exercicio orzamentario.

En todo caso, como xustificación final da subvención e como requisito para a tramitación do derradeiro pagamento, o Concello deberá achegar a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma.

Coa documentación xustificativa acreditativa de cada un dos pagamentos, a corporación local deberá indicar expresamente que se está a presentar unha xustificación parcial ou final e a solicitar, en consecuencia, o correspondente pagamento parcial ou final, do investimento financiado.

Ademais e tratándose da xustificación parcial ou final do investimento subvencionado, e antes do derradeiro pagamento, o concello deberá presentar unha certificación complementaria, emitida polo órgano correspondente (intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade), que faga constar expresamente que o importe da transferencia realizada foi destinado á súa finalidade, acompañada, dun informe do técnico municipal de servizos sociais no que se dea conta da actuación realizada e se certifique que se corresponde co que foi obxecto de transferencia.

Este informe deberá ser visado polo alcalde-presidente da dita corporación municipal. Coa conta xustificativa da subvención, ademais da documentación indicada nos puntos anteriores, segundo o artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, deberá achegar a certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación do órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar o contido detallado no citado precepto. Igualmente, de ser o caso, deberá presentar a restante documentación á que fai referencia o mencionado artigo, en especial, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

O Concello sempre estará obrigado a acreditar documentalmente, no prazo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na súa conta bancaria, a

efectividade dos pagamentos realizados polo dito concello, correspondentes aos aboamentos destinados ao financiamento da execución do dito investimento.

A corporación local tamén estará obrigada a achegar toda a documentación xustificativa que se lle requira, correspondente ao investimento obxecto deste convenio, para a súa xustificación.

A contía concedida á corporación local, en virtude deste convenio de colaboración, para financiar a execución do investimento, será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, tendo en conta que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, segundo o establecido no artigo 17.2 e 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que o Concello non cumpra coas condicións establecidas neste convenio de colaboración para obter o financiamento para a execución do investimento, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente, dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos e na forma establecidos no artigo 33 a 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

QUINTA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

a) **Modificación do convenio.**

As partes asinantes, poderán solicitar a modificación do presente convenio no seo da comisión de seguimento establecida na cláusula sexta do presente convenio. De acordarse a modificación, esta formalizarase a través dun instrumento que será asinado polas partes convenientes.

b) **Resolución do convenio.**

Serán causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora reportados dende o momento do seu pagamento, ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Así mesmo, serán causas de resolución as seguintes:

- A denuncia de calquera das partes formulada expresamente cunha antelación mínima dun mes.
- O mutuo acordo das partes.
- O incumprimento das cláusulas do presente convenio, en particular, as obrigas das partes establecidas nas cláusulas segunda e terceira deste.
- Cando resulte inviable a realización das actuacións descritas no convenio por causas non imputables ás partes ou por se producir cambios normativos que afecten substancialmente ás disposicións vixentes a súa sinatura, que ampararon a súa subscrición.
- O incumprimento polo Concello do pago das cantidades que este deba ao Consorcio e que resulten da revisión das liquidacións practicadas cos criterios establecidos no Acordo marco formalizado pola Consellería de Política Social e a FEGAMP o 11 de maio de 2016, relativos aos centros que xestiona o Consorcio no Concello. O Consorcio poderá deducir da achega prevista neste convenio, o importe da débeda que resulte desa liquidación.

SEXTA.- VIXILANCIA DO CONVENIO

A vixilancia e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada polo xerente do Consorcio e o Alcalde do Concello, ou persoas en quen deleguen.

Esta comisión terá como funcións: A coordinación, avaliación, e seguimento das actuacións estipuladas no presente convenio, así como a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

SÉTIMA.- DURACIÓN

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá os seus efectos ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante, o convenio entenderase finalizado no momento en que se realice a totalidade da achega prevista na cláusula segunda.

OITAVA.- CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO

O presente convenio terá carácter administrativo quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do Sector Público, ao abeiro do disposto no artigo

4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro; debendo aplicarse, non obstante, os principios do devandito texto legal para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da modificación e resolución serán resoltas polo Consorcio poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas, recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses que se contarán desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. De non ser así, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínanos e rubricanos por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

Santiago de Compostela, ___ de _____ de 2016

O PRESIDENTE DO CONSORCIO GALEGO

O ALCALDE DO CONCELLO DE

DE SERVIZOS DE IGUALDADE

BOQUEIXÓN


E BENESTAR

José Manuel Rey Varela

Ovidio Rodeiro Tato

2. Enviar certificación deste acordo ó Consorcio Galego de Servizos para que procedan coa súa tramitación.

Boqueixón, 29 de agosto de 2016



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

Resolución de nomeamento para a contratación dunha brigada de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais (2016):

Una vez rematado o proceso selectivo para a contratación laboral de **2 Brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra incendios forestais:**

RESOLVO:

1 Que non se presentaron reclamacións no período establecido de 5 días a contar dende o día 16 de agosto ata o día 20 de agosto de 2016.

2 Que a lista definitiva de candidatos titulares e suplentes publicouse con data do 22 de agosto de 2016 no taboleiro de anuncios e na páxina WEB do concello de Boqueixón:
Quedando como segue:

Peón-conductor:

Titular: MIGUEZ RICO JUAN CARLOS

SEIJO SERTO SANTIAGO

Suplentes: MAREQUE REY JULIAN

CAJIDE NEIRA ALBERTO

AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS

RODRIGUEZ CASAL AMELIA

TEIXEIRA FERREIRA RAMIRO

SEOANE FERNÁNDEZ OSCAR

Peóns:

Titulares: LOSADA MOSQUERA ANTONIO

MAREQUE REY JULIAN

CAJIDE NEIRA ALBERTO

LOPEZ AGRELO DIEGO

AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS

RODRIGUEZ CASAL AMELIA

Suplentes: LODEIRO IGLESIA LUIS

TEIXEIRA FERREIRA RAMIRO

RENDO FERNÁNDES VICTOR

SEOANE FERNÁNDEZ OSCAR

Xefes de brigada:

Titular: CASAL PEREIRA BRAN

GÓMEZ DEUS MARÍA JESÚS

Suplente: CEREIXO BARREIRO LAURA

ALBOR TABOADA RODRIGO

ÁLVAREZ PEITEADO JOSE ALBERTO

CORTEGOSO ÁLVAREZ BEATRIZ

3 Previamente á contratación os/as aspirantes con maior puntuación, e segundo se detalla na cláusula oitava, punto 4 do convenio de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural, o persoal encargado da actuación de brigadas, debe realizar un

recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

Unha vez cumpridos estes requisitos favorablemente, a comisión seleccionadora formulará a proposta de contratación a favor dos aspirantes que figuren con maior puntuación e que superen o recoñecemento médico e unha proba física, constituíndo o resto de aspirantes aprobados lista de reserva. A listaxe de titulares e suplentes:

Peón-conductor:

Titular: MIGUEZ RICO JUAN CARLOSapto
SEJO SERTO SANTIAGOnon apto
Suplentes: MAREQUE REY JULIANapto
CAJIDE NEIRA ALBERTO.....non apto
AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOSapto
RODRIGUEZ CASAL AMELIAnon apto
TEIXEIRA FERREIRA RAMIROnon apto
SEOANE FERNÁNDEZ OSCAR non apto

Peóns:

Titulares: LOSADA MOSQUERA ANTONIOapto
MAREQUE REY JULIANapto
CAJIDE NEIRA ALBERTOnon apto
LOPEZ AGRELO DIEGO(renuncia)
AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOSapto
RODRIGUEZ CASAL AMELIAnon apto
Suplentes: LODEIRO IGLESIA LUISnon apto
TEIXEIRA FERREIRA RAMIROnon apto
RENDO FERNÁNDES VICTORapto (CON LIMITACIÓNS)
SEOANE FERNÁNDEZ OSCARapto (CON LIMITACIÓNS)

Xefes de brigada:

Titular: CASAL PEREIRA BRANapto
GÓMEZ DEUS MARÍA JESÚSnon apto
Suplente: CEREIXO BARREIRO LAURAnon apto
ALBOR TABOADA RODRIGO
ÁLVAREZ PEITEADO JOSE ALBERTO
CORTEGOSO ÁLVAREZ BEATRIZ

Dado que os aspirantes que superan o recoñecemento médico e as probas físicas non suman un número suficiente de traballadores para constituir 2 brigadas, e dado que existe un prazo máximo para a contratación que é o 31 de agosto de 2016, e que non se pode solicitar máis prazo de prórroga para a contratación, constitúese una brigada formada. tal como segue:

Xefes de brigada:

CASAL PEREIRA BRAN

Peón-conductor:

MIGUEZ RICO JUAN CARLOS

Peóns:

LOSADA MOSQUERA ANTONIO
MAREQUE REY JULIAN
AGRELO FERNÁNDEZ MANUEL CARLOS

4 A contratación terá efectos dende o 31 de agosto de 2016, por un período de 3 meses.
A xornada é a tempo completo e axustada ás necesidades do servizo.

Boqueixón, a 30 de agosto de 2016

Ovidio Rodeiro Tato



O alcalde de Boqueixón



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Visto o Decreto de data 30 de agosto, no que se resolvía a contratación de 5 traballadores forestais para formar parte na brigada de prevención, vixianza e defensa contra incendios forestais 2016, segundo convenio de colaboración suscrito coa Consellería de Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais.

RESOLVO

1.- Que se proceda á contratación dos traballadores máis abaixo relacionados para a prestación de servizos como traballadores forestais, de acordo coas seguintes condicións:

1.1 Xefe de brigada:

- Don Bran Casal Pereira con NIF
- Alta : 31/08/2016
- Categoría profesional : Xefe de Brigada
- Coste salarial bruto: 1.187,27 euros/mes
- Seguridade Social Concello : 411,99 euros/mes
- Grupo de cotización : 8 / D
- Modalidade de contrato : 401 Obra/Servizo determinado a tempo completo.
- Duración do contrato : Dende o 31/08/2016 ata o 30/11/2016.
- Aportación Municipal : 0

1.2 Peón conductor:

- Don Juan Carlos Míguez Rico con NIF
- Alta : 31/08/2016
- Categoría profesional : Peón conductor
- Coste salarial bruto: 1.128,94 euros/mes
- Seguridade Social Concello : 391,74 euros/mes
- Grupo de cotización : 10 / D
- Modalidade de contrato : 401 Obra/Servizo determinado a tempo completo.
- Duración do contrato : Dende o 31/08/2016 ata o 30/11/2016.
- Aportación Municipal : 0

1.3 Peóns forestais:

- Don Antonio Losada Mosquera con NIF
- Don Julián Mareque Rey con NIF
- Don Manuel Carlos Agrelo Fernández
- Alta : 31/08/2016
- Categoría profesional : Peón forestal
- Coste salarial bruto por traballador: 1.070,60 euros/mes
- Seguridade Social Concello por traballador: 371,50 euros/mes
- Grupo de cotización : 10 / D
- Modalidade de contrato : 401 Obra/Servizo determinado a tempo completo.
- Duración do contrato : Dende o 31/08/2016 ata o 30/11/2016.
- Aportación Municipal : 0

2.-Dar conta desta resolución ós interesados para o seu coñecemento e efectos.

Boqueixón, 30 de agosto de 2016



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C.electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

DECRETO

Una vez rematado o proceso selectivo para a contratación laboral de 1 Técnico/a-Axente de Turismo para un período de 2 meses e 10 días mediante o programa DP0029/2016 da Deputación da Coruña, polo que se subvenciona ó concello de Boqueixón para a contratación de persoal para oficinas de turismo a concellos de menos de 50.000 habitantes para o exercicio 2016,

RESOLVO:

1 Que non se presentaron reclamacións no período establecido de 5 días a contar dende o día 23 de agosto ata o día 27 de agosto de 2016.

Quedando como titular:

RAQUEL SANCHEZ MELLA: 14.50

Quedando como suplentes:

ÁNGEL LÓPEZ REBOREDO 8.50

JESÚS LAMAS IGLESIAS 7.60

JULIA NOYA REY 7.05

2 Nomear como titular para a contratación a RAQUEL SANCHEZ MELLA e nomear como suplentes a 1º) ÁNGEL LÓPEZ REBOREDO, 2º) JESÚS LAMAS IGLESIAS E 3º) JULIA NOYA REY.

3 A contratación terá efectos dende o 1 de setembro de 2016, por un período de 2 meses e 10 días. A xornada é a tempo completo e axustada ás necesidades do servizo.

Boqueixón, a 29 de agosto de 2016

Ovidio Rodeiro Tato

O alcalde de Boqueixón



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

Teléfono: 981-51 30 52

Fax: 981-51 30 00

C.J.F.: P-1501200-H

RESOLUCIÓN

Visto o Decreto de data 29 de agosto de 2016, polo que se rematou o proceso selectivo para a contratación de un Técnico/a-Axente de Turismo mediante o programa DP0029/2016 da Deputación da Coruña para a contratación de persoas para oficinas de turismo a concellos de menos de 50.000 habitantes para o exercicio 2016.

E, por todo isto polo que

RESOLVO

1.- Que se proceda á contratación de dona Raquel Sánchez Mella, para a prestación de servizos como Técnica-Axente de Turismo, de acordo coas seguintes condicións:

- Alta : 01/09/2016
- Categoría profesional : Técnico
- Coste salarial bruto: 1.103,28 euros / mes
- Seguridade Social Concello : 354,15 euros/mes
- Grupo de cotización : 2 - A
- Modalidade de contrato: 401 / Obra/Servizo determinado a tempo completo.
- Duración do contrato : Dende o 01/09/2016 ata o 10/11/2016 (ambos inclusive).

2.-Dar conta desta resolución á interesada para o seu coñecemento e efectos.

Boqueixón, 30 de agosto de 2016

O alcalde



Ovidio Rodeiro Tato



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Expediente: Camiño de Carabán a cruce de Lamas e outros - AGADER

Forma/ Proc: Negociado sen publicidade - Urxente

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Adxudicación do contrato da obra " Camiño de Carabán a cruce de Lamas e outros" – AGADER 2016

Na Xunta de Goberno realizada o día 7 de xullo de 2016, acordouse iniciar os trámites para a contratación da obra financiada polo AGADER denominada: "Camiño de Carabán a cruce de Lamas e outros" por importe de 74.208,09 euros

Na Xunta de Goberno do día 21 de xullo, ábrese os sobres B e C das propostas presentadas polas seguintes empresas:

- Concifa, SL
- Martínez Montes e Hijos, SL
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA
- Oviga, SL
- Hordescon, SL

Dos sobres C transcribíense as ofertas presentadas polas empresas licitadoras obtendo os seguintes datos :

Código empresa	Oferta presentada incluído o IVE
1hwa	62.921,04 euros
Pku5	74.000,01 euros
Axdf	64.264,20 euros
9cp5	63.041,00 euros
530G	66.787,28 euros

Despois de ser valoradas as referencias técnicas presentadas polas empresas participantes, o enxeñeiro de camiños e membro do órgano negociador don Julio C. Rojo Martínez, informa o seguinte:

"Tendo en conta o indicado no punto 6 do cadro de características da presente licitación a obra debe de estar rematada o 23 de setembro de 2016. Todas as empresas presentan un prazo de execución de 30 días naturais, coherente en principio co indicado no prego, excepto a empresa HORDESCON que oferta compromiso de "ejecutar las obras con una reducción del plazo de ejecución, sobre el que se fija en el punto número 6 del Cuadro de Características del presente contrato de CUARENTA (40) DÍAS"; como queira que o mencionado punto nº 6 non indica prazo senón data de finalización, pode tomarse esta oferta tanto como compromiso de terminar 40 días antes do día 23 de setembro, como reducir en 40 días os 3 meses que indica o proxecto. No seu programa de traballo o licitador indica como data de inicio das obras o 16 de agosto de 2016 e plantexa un período de 40 días hábiles (incoherente co ofertado na redución de prazos). En todo caso en calquera dos supostos non se cumpre o requisito imprescindible de finalizar as obras antes da data indicada polo que se considera que debe rexeitarse dita proposta"

Á vista do informe acórdase excluír á empresa Hordesccon,SL polo motivo expresado polo técnico.

Polo tanto, as valoracións totais das ofertas presentadas, tendo en conta a exclusión da empresa Hordesccon, SL sería a seguinte:

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidade		Redución de prazos	Oferta económica	Total puntuación
					%CI	%CE			
9CP5	13.00	5.00	7.00	10.00	0.50	9.00	1.60	31.56	77.66
530G	6.00	4.00	7.00	10.00	0.20	3.00	1.60	21.84	53.64
AXDF	9.00	5.00	7.00	10.00	0.50	9.00	1.60	28.39	70.49
PKU5	13.00	6.00	7.00	10.00	1.00	9.00	1.60	0.61	48.21

Os códigos alfanuméricos utilizados para a negociación corresponden ás seguintes empresas:

Oviga, SL - PKU5
 Martínez Montes e Hijos, SL -9CP5
 Hordesccon, SL - 1hwa
 Eulogio Viñal -
 AXDF
 Concifa- 530G

A partires deste momento, e segundo acta do órgano negociador de data 26 de agosto de 2016, iníciase a segunda fase da negociación comunicando ás empresas os datos obtidos na primeira fase do concurso, para que se o desexan poidan mellorar a súa proposta inicial, ou ben ratificarse. Os criterios a negociar son: a oferta económica e o prazo de execución da obra.

Neste caso concreto, a oferta económica máis baixa foi presentada por Martínez Montes e Hijos, SL (9CP5) por importe de 63.041,00 euros e o prazo de execución da obra en 30 días.

No período establecido para o efecto as empresas presentan as seguintes propostas:

Empresa	Oferta económica	Redución de prazos
Oviga, SL	50.020,00 euros	Prazo de execución de 12 días naturais
Martínez Montes e Hijos, SL	53.240,00 euros	Prazo de execución de 21 días naturais (en todo caso finalizarase no prazo fixado no cadro de características)
Eulogio Viñal, SA	57.474.17 euros	Prazo de execución de 12 días naturais
Concifa,SL	51.797,24 euros	Prazo de execución de 12 días naturais

Con estes datos, e xa na terceira fase do procedemento, o órgano negociador valora as propostas definitivamente e propón ó órgano de contratación que se adxudique a obra á empresa con maior puntuación que é Oviga,SL.

Na resolución da alcaldía do día 26 de agosto, o órgano de contratación, á vista da acta presentada polo órgano negociador, clasifica as propostas obtidas no proceso que a continuación se reflicten:

Contratista	Programa Trabajo	Programa Actuación Ambiental	Plan control de calidade	Plan de seguridade e saúde	Porcentaxe control de calidade		Redución de prazos	Oferta económica	Total puntuación
					%CI	%CE			
Oviga	13.00	6.00	7.00	10.00	1.00	9.00	4.00	40.00	90.00
Martínez Montes	13.00	5.00	7.00	10.00	0.50	9.00	3.00	34.39	81.89
Eulogio Viñal	9.00	5.00	7.00	10.00	0.50	9.00	4.00	27.45	71.95
Concifa	6.00	4.00	7.00	10.00	0.20	3.00	4.00	36.90	71.10

Nesta mesma resolución, acórdase requirirle á empresa con maior puntuación que achegue a documentación sinalada na cláusula 16.2 do prego, no prazo máximo de 3 días hábiles.

Con data 26 de agosto envíase o requirimento á empresa Oviga, SL e con data 30 de agosto presenta correctamente a documentación solicitada.

Polo tanto, e tendo que adxudicar o contrato en 3 días hábiles, Resolvo:

1. Adxudicar o contrato da obra denominada Camiño de Carabán a cruce de Lamas e outros, á empresa Oviga,SL por importe de 50.020,00 euros. A obra será executada no prazo de 12 días naturais.
2. Notificar á empresa Hordescon,SL que foi excluída do proceso de contratación polo motivo expresado polo técnico e que se atopa transcrito nesta resolución.
3. Designar como técnico- director da obra ó redator do proxecto Julio C. Rojo Martínez
4. Formalizar o contrato non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que reciban a notificación os licitadores.
5. Notificar esta resolución a tódolos licitadores e publicala na páxina web.

Boqueixón, 30 de agosto de 2016





CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

Servizo de Contratación

Resolución da alcaldía

Apertura das ofertas presentadas para a adxudicación do Servizo de actividades físicas e deportivas no Concello de Boqueixón

Na Xunta de Goberno do día 4 de agosto, iniciouse a contratación por procedemento negociado sin publicidade e por urxencia, do servizo de actividades físicas e deportivas no Concello de Boqueixón.

Invitouse a participar a 5 empresas especialistas no sector e concedeuse un prazo de 10 días naturais para que presentaran as súas propostas. Tamén se publicitou no perfil do contratista da páxina web.

No prazo establecido para o efecto presentáronse ó concurso dúas empresas: CPM Eventos e Grupo Acofide, SC, segundo consta no informe da responsable de contratación.

A documentación dos sobres A, é examinada polo servizo de contratación e está correcta para ambas empresas.

O día 25 de agosto, ábrese os sobres de Referencias Técnicas e a documentación é examinada polo monitor deportivo que con data 29 de agosto emite o seu informe, tendo en conta os criterios de adxudicación que figuran no prego aprobado para o efecto. A continuación transcríbese dito informe:

INFORME TÉCNICO DA VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS.

Don Ricardo Romero Pérez, Técnico Deportivo do Concello de Boqueixón .

INFORMA:

Unha vez vistos e analizados os proxectos técnicos de prestación do servizo presentados polas diferentes empresas na licitación do **SERVIZO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS** e tendo en conta os criterios de adxudicación expostos nos pregos e

cláusulas que rexen esta contratación, valora do seguinte xeito os proxectos e melloras presentadas.

Nome da empresa	Criterios Valorables	Consideracións	Puntuación
ACOFIDE XESTIÓN	<p>>Medios personais e titulación.</p> <p>>Organización e planificación.</p> <p>>Actividades complementarias</p>	<p>Presenta un proxecto moi técnico e xenerico.</p> <p>Organigrama e titulacións dos monitores completas.</p> <p>Axeitada organización e planificación</p>	30 PTOS.
CPM EVENTOS	<p>>Medios personais e titulación.</p> <p>>Organización e planificación.</p> <p>>Actividades complementarias</p>	<p>Presenta un proxecto máis centrado nas circunstancias do concello.</p> <p>Aporta persoal con titulacións específicas e máis do 2% de minusvalía.</p> <p>Destaca a metodoloxía e actividades complementarias que se adecuan ás necesidades reais do concello.</p>	35 PTOS.

MELLORAS PRESENTADAS:

ACOFIDE XESTIÓN :

Melloras valorables e cuantificables a nivel económico centradas no monitoraxe de actividades nunha franxa temporal limitada (mes de xullo) e aportación material.

PUNTUACIÓN :6 PTOS.

CPM OFERTAS:

Melloras moi salientables no aspecto de axuda o Concello de Boqueixón no fomento do Deporte e na publicidade e difusión das súas actividades.

Fomento de actividades e competicións.

PUNTUACIÓN: 9 PTOS.

Asinado

Ricardo Romero Pérez.

Boqueixón a 29 de agosto de 2016.

Con data 30 de agosto, e á vista dun dos membros de CPM Eventos que asistiu, ábrense os sobres C de Oferta económica e obtéñense os seguintes resultados:

Acofide Xestión, SL presenta unha oferta económica de 16.402,50 €/ano + 3.444,52 €/ano de IVE

CPM Eventos, presenta unha oferta económica de 16.500 €/ano + 3.465 €/ano de IVE

Aplicando a fórmula que figura nos pregos, obtéñense as seguintes puntuacións:

$Puntos/n = 50 \times \text{oferta económica máis baixa} / \text{oferta económica de n}$

$50 \times 16.402,50 / 16.402,50 = 50 \text{ puntos} - \text{Acofide Xestión, SL}$

$50 \times 16.402,50 / 16.500 = 49.70 \text{ puntos} - \text{CPM Eventos}$

Polo tanto, a suma total das puntuacións obtidas no proxecto técnico, melloras e na proposta económica serían as seguintes:

Empresa	Proxecto técnico	Melloras	Oferta económica	Total puntuación

CPM Eventos	35	9	49.70	93.7
Acofide Xestión, SL	30	6	50	86

Ante a urxencia que ten o expediente polo comezo das actividades, Resolvo:

1. Dar traslado ó órgano de negociación desta resolución para que se inicie a negociación.

2. Nomear como órgano negociador ós seguintes membros:

Ricardo Romero Pérez - Monitor deportivo

Rosario Iglesias Iglesias - Responsable Técnico do Departamento de Educación e Cultura

Adela Lamela Arteaga- Responsable de Contratación

Boqueixón, 31 de agosto de 2016



Ovidio Rodeiro Tato